

**Brian,
o Chinés**

David Daniel Vázquez Álvarez
BRIAN, O CHINÉS

© MMXVIII | edicións embora

Reservados todos os dereitos, quedando rigurosamente prohibidos, sen a autorización escrita dos titulares do copyright, baixo as sancións establecidas nas leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, comprendidas a reprografía e tratamento informático, e a distribución de exemplares dela mediante aluguer ou préstamo públicos.

1ª edición: xaneiro 2018

2ª edición: decembro 2019

Ilustracións: Andrés Meixide

Maquetación: Edicións Embora

ISBN: 978-84-16456-60-4

Depósito Legal: C 121-2018

DAVID DANIEL VÁZQUEZ ÁLVAREZ

Brian, o Chinés

ILUSTRACIONES: ANDRÉS MEIXIDE

edicións **embora**

*Aos centos de nenos e nenas,
que sentados fronte miña...
tantas cousas me ensinaron.*

I

En realidade son un tipo afortunado.
Case todo canto me propuxen conseguino
ata o de agora.

Estou a piques de cumprir os dezaioito anos
e, en canto o faga, entrarei a traballar
como mecánico no moderno taller dun bo
amigo de meu pai.

Se isto fose pouco, Melisa prometeume que
virá á celebración que organizaron os meus
amigos da miña maioría de idade, que é
como chaman os maiores a este
aniversario...

Cantas ganas teño de vela!

Case dous anos hai que pouco sei dela, de
non ser por algunha que outra carta, cando
se lle permite escribir... pero virá e iso xa é
suficiente para min.

Chámome Brian, Brian, o Chinés.

Vaia nome escolleron para min un día no par-
que uns nenos que despois, co paso do tempo,
serían os meus amigos!

Recibira como premio ao meu bo comporta-
mento, cousa que ocorría moi poucas veces para

a miña desgraza, unha longa saída ao parque con Ana, a miña nai, cando ela observou que nun extremo dous nenos de pelo moreno charlaban moi animados. Desde o lugar que nós ocupabamos semellaba que discutían dun modo pacífico.

Ana observábaos como o facía sempre que andabamos pola rúa. Sen maldade.

Era o seu natural modo de protexerme.

Creo que no seu subconsciente aniñaba o oculto desexo de esconderme debaixo das súas ás como adoitan facer algunhas especies de aves coas crías. En canto avistaba, por entón, o máis mínimo perigo, despregábaas estendéndoas todo canto daban de si para que non puidese escoitar os posibles comentarios ferintes que puidesen expresar en voz alta.

—Brian, deberíamos irnos xa –murmurou como tantas veces cando observou que se dirixían a nós.

—Non! –respondín secamente, como acostumaba, sen máis explicacións.

Observara como miraban para min falando en voz baixa, polo menos iso supuxen, do mesmo xeito que ela, a miña nai, á que estes pequenos detalles nunca pasaban desapercibidos, quixo poñer terra de por medio.

Un deles achegouse a nós sorrindo.

—Señora –atreveuse, logo de permanecer uns instantes fronte a nós coma se tivese reparo en falar.

—O seu fillo é un chinés?

A miña nai sorriu con espontaneidade achegándose un pouco a el e deulle un bico na fazula.


—Non é chinés. Non.

A continuación mirou para min e tiven a impresión de que me chiscaba maliciosamente un ollo, acompañando aquel xesto cómplice cun amplo sorriso pouco frecuente nela. Poucas veces exhibía o seu rostro máis xovial.

Aquela tarde, contempleina como case nunca puidera facelo: era realmente fermosa a súa expresión se a comparaba coas nais dos demais nenos e nenas do parque ou dos poucos lugares onde podía acompañala. Antes de que aquel neno se afastase, non moi convencido da resposta, pasou suavemente a súa man pola miña cabeza ao mesmo tempo que murmuraba entre dentes:

—Teño un chinés na casa e eu sen sabelo –olveu sorrir.

—Védelo? –dirixiuse aos seus compañeiros—. É certo. Eu tiña razón. Aquel neno non é chinés –comentaba en voz alta Arturo ante os seus amigos.



Así nos dixo que se chamaba logo de achegarse ata o banco que ocupaba a miña nai, desde o que podía vixiar os meus movementos para non facerme dano xa que a precaución non era precisamente unha das miñas calidades favoritas.

—Podemos xogar co chinés? –preguntou unha nena á que nunca vira de cerca pero con todo eu estaba seguro de coñecela desde tempo atrás, se é que aos tres anos ou catro, o tempo anterior puidese existir.

—Son Melisa. Como se chama o teu fillo? –a verdade é que a naturalidade daquela nena lo-ura, alta e de ollos azuis, verdosos como o ceo do amencer, como o mesmo mar que aínda tardei anos en coñecer... asombrou a miña nai.

—Chámase Brian.

Non houbo máis palabras, achegouse a min e pousoume suavemente un bico na fazula. Xuraría que cambiei de cor. Un calafrío morno percorreu-me de abaixo a arriba mentres lle mirei os ollos.

—Coñézote –respondinlle con torpeza, como sempre adoitaba facer. Tomei a decisión de non volver abrir a boca durante os minutos que estivemos xogando na area ata case o atardecer.

Arturo ía e viña, achegábase e afastábase. A min pareceume que xogaba sen descanso coma se temese que o tempo puidese acabar dun momen-

to a outro. Non tiña acougo nin paranza. Escalaba o tobogán que a min me estaba prohibido e lanzábase ao baleiro desde a randeeira, en marcha.

Por momentos, recoñezo que cheguei a sentir envexa da súa axilidade, da valentía e do arroxio que mostraba, aínda que para nada eu fose un covarde cando xogaba nin tampouco cando acompañaba a meu avó Antón nas súas longas camiñadas polo bosque da aldea na que vivía e onde adoitabamos acudir cada fin de semana en busca de tranquilidade, fuxindo ao mesmo tempo do molesto bulicio da cidade como pretendía explicar o meu pai cando lle comentaban algo respecto diso.

Aquela tarde no parque –nunca souben a verdadeira razón ou polo menos tardei varios anos en coñecela– algo cambiou na miña vida. Máis que na miña, na da miña nai, que empezou a levarme ao parque con certa asiduidade sen mostrar continuas escusas como fixera ata entón: que se estaba cansada, que con dor de cabeza...

Aquela noite debería recordar con urxencia onde vira aquela fermosa nena de ollos transparentes, aquel rostro tan familiar para min, tan inexplicablemente coñecido.

—Adeus, Chinés –despedíronse os tres no momento en que Ana, a miña nai, me ordenou

inutilmente que recollese o camiión de plástico de cor vermella, o meu xoguete favorito, e a pa chea de area amarelada, pegada por todas partes.

—Non –respondín como case sempre para desilusión dela.

Foi o compañeiro de Arturo, Xosué, o que se achegou e, cunha calma propia dun neno moito maior ca nós, colleu a gastada pa e achegouse a unha das fontes do parque para lavala antes de entregarma, con moita amabilidade.

Sentinme avergoñado e coa obrigación de facer o mesmo co camiión, xesto que Ana agradeceu dándome un longo bico na fazula, case á altura dos beizos.

—Imos, Chinés –riu.

II

Tardei moito en durmir. Poucas veces me tiña pasado ata aquel día. Ás veces, os pequenos detalles e as cousas aparentemente sen importancia para os demais poden afectarnos ata producir un gran desasosiego.

A choiva golpeaba os cristais das fiestras e iso acougoume, en parte.

Que pasara en realidade?

Case nada e moito á vez.

Por inexplicables razóns difíciles para a miña idade, por aquel entón sentínme enormemente feliz por vez primeira na miña vida. A miña nai recostouse ao meu lado cando comprobou a inquietude que me invadía. Poucas veces o facía, por iso me resultou tan especial a súa compañía. Creo que ata recendía mellor que de costume. Era un estraño aroma no que se mesturaban centos de flores silvestres das que o meu avó recollía para facer un ramallete e logo entregarmo coa idea de que llo levase á miña avoa.

Nunca chegaba ao seu destino. Rompíase a maioría das veces, o cal todas sen excepción me reprochaban.

Confeso que algunha vez intentei facelo todo como os adultos me indicaban pero ao final todo o estragaba.

Crin que me volvería tolo atendendo a tantas ordes que ás veces nin entendía, de miradas de reproche, de inxustificadas reprimendas pola miña patente torpeza.

Mil veces desexei esconderme no único sitio seguro que coñecín: no ventre da miña nai. Alí sentiríame seguro, continuamente acariñado polas súas mans suaves como as nubes vaporosas, como a espuma do xabón que ás veces botaban no meu baño.

Aquel lugar antollábaseme o mesmo ceo se é que tal palabra tivese significado algún.

As mans de Ana adoitaban ir acompañadas dunhas suaves melodías musicais que non volvían percibir pero que recoñecería ao instante, xa que se algo posuía, moi superior aos demais xa por aquel entón, era a miña memoria. Son cousas que moi poucas persoas coñecen de min, case ningunha. Mellor así, xa que seguramente me serviría tal revelación para que engadisen unha calidade máis á longa listaxe das que me adornaban.

Durante aquela noite recordei con total nitidez o esperado momento, ansiado por todos os

familiares de que deixase o agradable agocho no que me albergaba coa ilusión de comprobar, ao fin logo de varios meses, como sería o tacto real daquelas mans amantes que intuía alongadas, sedosas... aquela voz melosa que cantaruxaba con frecuencia mentres unha caricia percorría o seu ventre avultado.

O meu primeiro contacto co mundo real resultou máis frío do que desexaría. Non houbo tales mostras de agarimo nin sinceros sorrisos nas frecuentes visitas que Ana recibía.

Tales mostras dirixíanse decote á outra cama e ao berce de xunto á parede que daba á fiestra: Melisa naceu a mesma mañá ca min. Alguén, que supuxen era o seu pai, achegoulla á miña nai.

Era realmente preciosa. Por moitas voltas que lle dou por se estivese enganado, lembro todo aquilo como se o tivese visto na televisión.

No parque recoñecina ao instante.

Ao redor de min todo era silencio, bágoas e algunha que outra expresión de tristeza.

Tardei moito en comprender o verdadeiro motivo e máis aínda en aceptar que tanto Ana como Rui non se sentisen nada orgullosos de case nada do que habitualmente facía para chamar a súa difusa atención.

Recordos!

Por veces deberíamos poder seleccionalos e afastar aqueles que non resultasen agradables, pero...

Quedei durmido ao fin aquela noite do parque, pero en soños puideren escoitar como Ana, entre risas, rumoreaba ao meu pai:

—Este chinés non quería durmir –logo fíxose outra vez o silencio.

Ameazaba rematar o verán e un súbito temor invadíame cada mañá aínda que pronto se me ía da cabeza: escoitara que entraría nun dos colexios da miña cidade.

Seguramente me acompañaría a sorte e faríao xunto a Melisa. Ademais, polo visto, aprendería moitas cousas novas para demostrar aquilo que sempre soñei e polo que loitei e sigo facéndoo sen descanso: que as persoas que levo no corazón se sintan orgullosas de terme entre eles.

Ocorreu todo tal como soñei e Melisa non só se converteu na miña amiga preferida senón tamén no meu anxo da garda, na sombra, na miña defensora e aínda por riba Ana foise convertendo aos poucos en amiga inseparable de María, a súa nai, o que nos daba oportunidade de seguir xuntos moitas tardes á saída da escola.

Foi Arturo, non podería ser outro, o que se encargou de presentarme ante os demais.

—Ola, Chinés –exclamou en voz alta o primeiro día case gritando. Estaba nervioso por verse encerrado por primeira vez nunha ampla sala chea de mesas e de xoguetes na que a única que posuía o privilexio de levantar a voz e dar ordes era Carme, a profesora.

Os demais nenos e nenas sorriron sen ganas, con máis desexos de botarse a chorar ao comprobar como os seus pais e nais se afastaban sen remedio, deixándoos sós e abandonados á súa sorte naquel inhóspito lugar.

Para todos nós iso mesmo era aquel lugar.

A voz de Carme recordoume inmediatamente a da miña nai: melodiosa, suave, pausada, doce como o néctar, cantariña como o rumor da auga do arroyo da aldea dos meus avós.

Souben desde o primeiro día que naquel lugar ía pasalo moi ben. Non podería ser doutro xeito!

Con toda probabilidade camparía ás miñas anchas por todas as dependencias do enorme edificio que era o colexio.

Adoitaba ir da man de Carme en todo momento o que me producía unha inigualable sensación de superioridade.

No entanto a primeira impresión de que todo me estaría permitido era errónea. Non tiven que agardar moito tempo.

Comprobaríao moi pronto.

Todos xogabamos alegres apalpando e dando formas moi raras a pequenos anacos de plastilina de varias cores. Non dubidei en meter un deles na boca coa intención de comelo, aproveitando un pequeno descoido de Carme. Imaxinei que se trataba dunha saborosa mazá verde e aceda.

Máis dunha vez me pasou pola cabeza unha absurda idea pero á vez intrigante... xurase entón e non sería a única vez que o fixen, que as profesoras teñen cen ollos.

Moi pronto se deu conta e abalanzouse sobre min, obrigándome a expulsala... ou o que dela quedase, pegada no meu padal.

Retiroume todos os anacos e debín permanecer cos brazos cruzados ata que decidín que aquel lugar era pouco espazoso, atafegante e nun novo descoido botei a andar á présa, corre-



dor adiante, coa soa idea de fuxir lonxe, todo canto puidese.

Pouco durou a miña aventura pois a mestra enseguida me deu alcance e sen dicir nada colleume da man e obrigoume a regresar.

—Brian... fame! –defendínme.

De nada valeu a miña desculpa. Colocoume nun recanto, o máis afastado da porta, de pé. Era o recuncho dos mil nomes. Cada adulto do meu colexio definíao dun xeito diferente.

Milo, que despois souben que era o conserxe ou algo así, chamáballo o dos arrestados... o director, sempre escondido detrás das súas grosas lentes, o de pensar... ata a alguén que non recordo lle escoitei dicir que era o da tranquilidade e o relax.

Eles que saberán como pode un neno sentirse alí!

Acepteino non sen deixar de observar a fiestra por se estivese ao meu alcance escapar a toda velocidade, saltándoa.

Estaba pechada e non sería posible, polo que abandonei tan peregrina idea.

Durante moitos anos angustiáronme os espazos pechados. Non o soportaba. Sentíame prisioneiro.

Debo confesar que tardei en dominar tal abafío. Era superior a min. As paredes con frecuencia

amezábanme. En realidade, aínda o fan agora, algunhas veces. Seguramente máis das que eu desexe.


Cheguei a sufrir por iso ata durmido. Un soño repetíase me con certa frecuencia: estaba nunha habitación que unhas veces era a miña e outras non. Os muros, de cores escuras, cobraban vida polas noites e ameazábanme. Ás veces, movíanse facendo máis e máis pequeno o meu cuarto, ata case estrullarme entre as súas mans frías. Entón, gritaba e nai acudía no meu auxilio.

Agora non adoita ocorrerme. Xa era hora!

Non sei canto tempo máis o podería aturar.

Á saída, todos os pais e nais dos meus compañeiros agardaban, creo que máis impacientes que nós, o ansiado reencontro tras varias horas de separación.

Entre a multitude non resultou nada difícil distinguir a silueta miúda de Ana, que me esperaba cos brazos abertos, disposta a recibirme nun abrazo sen tempo e que a min me soubo ao auténtico ceo, ese que os maiores se empeñan en explicarnos que se atopa por encima das nubes. Nada comprendemos pero aceptámolo de bo grao xa que nos resulta realmente fermoso o só feito de imaxinalo.



Estimula a nosa espontánea fantasía.

Non observei no seu rostro nin o máis mínimo detalle de desconfianza. Aquel foi o primeiro apertón sincero que recibín ou, polo menos, esa foi a miña impresión e sentínme realmente feliz.

Por primeira vez, puíden contemplala tan fermosa como pode ser unha nai. O brillo dos seus ollos aumentou no momento xusto no que Arturo se achegou a min da man do seu pai.

—Adeus, Chinés –sorriu.

—Adeus, Arturo –pronunciei con torpeza, pero non me importou como outras veces porque souben que me entendía cando elevou o dedo polgar da súa man dereita en dirección ao ceo, ou ás nubes, que tanto me ten.

Ana pareceume a máis bela de todas cantas mozas, no ancho enreixado do colexio, agardaban e por vez primeira sentínme orgulloso de que ela e non outra fose a miña nai de sempre. Recoñecer a longo cabelo negro como o carbón en dúas trenzas. Levaba aquel mediodía un pantalón azul mar, o meu ton preferido, e unha blusa de cor avermellada que resaltaba aínda máis a súa pel morena, torrada polo testán sol de agosto nunha praia da que non recordaba o seu nome.

Adelgazara un pouco durante o verán aínda que, en realidade, nunca chegara a parecerme

gorda, como cariñosamente, en sentido irónico, lle chamaba Rui, pai, algunhas veces.

Hei de confesar que aquel día a punto estiven de lanzarlle unha pregunta que me inquietaba, se é que a aquela idade algo puidese facer que nos sentísemos inquedados pero, ao final, non tiven valor. Máis polo que puidese supor para ela a resposta que por non estragar o momento de felicidade que na súa expresión percibía.

Tal pregunta chegou a incomodarme pero debería ter paciencia. Talvez, e cun pouco de sorte, eu mesmo adiviñaría a resposta axeitada.

Como cambiara todo en tan poucas semanas!

O meu desmedido afán, as máis das veces de forma inconsciente, por chamar a atención como fose pareceu diminuír ou polo menos mantívono controlado, se é que iso pode facelo un neno da miña idade.

O meu desexo era ser como os demais, facer as mesmas cousas, pintar as follas que nos daba Carne, cantar, aínda que a miña mala pronuncia non fora capaz de articular ben as palabras que a miña mente debuxaba. Foi entón cando tomei a decisión de abrir e pechar a boca, a fin de que ninguén se dese conta daquela trama. Debía facer unha boa simulación xa que ninguén pareceu notar a miña mala pronunciación.

Miña nai acudía con asiduidade ao despacho de Nati, situado á beira da biblioteca, o lugar preferido por todos xa que estaba cheo de libros. Parecía construído con paredes de papel- cartón de todas as cores imaxinables.

Logo de varios meses, empecei a acudir tamén eu durante a tarde dos venres. Pasábao moi ben con ela.

Aínda que o seu aspecto fose moi diferente ao de Carme, máis alta, o ton da súa voz posuía algo especial e deixaba entrelucir unha profunda preocupación polos nenos e nenas que frecuentabamos o seu amplo despacho, cheo de papeis, carteis e libros nunha aparente desorde ordenada.

O carácter de Nati mudaba ás veces dunha forma esaxerada cando tiña que reprender a algún dos seus alumnos ou alumnas como ela adoitaba chamarnos.

Comigo nunca o fixera.

As súas palabras eran sempre de ánimo, con continuos encomios aos meus lentos progresos. Resultaban para min unha especial bendición, caída do ansiado ceo como unha fresca choiva outonal.

A diferenza do que ocorría a diario co resto da miña xente, non se rendía con facilidade, esixíndome que non me expresase comodamente con

xestos, con monosílabos, cun si ou un non ou movendo simplemente a cabeza.

A ela e a Carme débolles o que hoxe sexa capaz de falar de forma totalmente correcta.

Nas fichas que me mostraba, duns estraños debuxos en branco e negro, eu sempre adiviñaba, ao momento, coches de todas as formas, camións facendo algún traballo ou animais que corrían fuxindo de calquera perigo que os ameazaba, e outras veces perseguindo as súas presas.

—Coche —respondía con espontaneidade, o que indefectiblemente producía nela unha mutación no rostro e un lixeiro meneo de cabeza acompañado dun sorriso burlón.

—Coche... anda —a súa reacción era a mesma sinalando as láminas.

—Coche... ás... anda —a mesma e desesperante reacción pola súa banda.

Con ela non podía. Colleume moi pronto o meu punto débil e souben, aos poucos días de acudir xunto a ela, que estaba definitivamente perdido.

Eu ben sabía o que significaba a súa negativa. Parecía non darse nunca por satisfeita.

No fondo, debo recoñecelo, gozaba facéndoa rabiarse ata que ao fin me decidía a cumprir o seu desexo e sorría ao responderlle.

—É un coche con ás. Pode andar e voar –o certo é que non tiña outra alternativa máis que renderme, pero polo menos en parte saíame coa miña... obrigábaa a insistir.

Moi pronto, e seguramente debido aos seus amorosos consellos, tiven que facer o mesmo na casa, aínda que cos meus amigos non o necesitase. Con Melisa aínda menos, con só mirala ela xa me comprendía.

III

Especialmente dura foi a definitiva separación á que me someteron cando todos os meus compañeiros deixaron de usar o mandilón de cor verde para empezar en primeiro curso no pavillón dos maiores.

Eu debería continuar na mesma aula, con novos nenos e nenas ata que collese as destrezas, segundo os adultos chamaban a non sei que lería de escritura, de cálculo ou de ritmo.

—Se Brian é o que máis corre... o máis áxil —intentei inutilmente convencer a Nati, que nin se inmutaba coa miña espontaneidade, nin coas abundantes bágoas que manaban dos meus ollos resgados nin tampouco coa teimudez que se me volveu apousentar na cabeza, dicindo a todo que non.

Tivera entón a certeza, se é que non a tivese xa, de que algo pasaba comigo, que a forma graciosa dos meus ollos un pouco inclinados cara arriba, o meu corpo lixeiramente máis miúdo ca o dos demais non era algo habitual e a miña inconfesable pregunta bulía sen cesar no pensamento ata converterse nunha obsesión.



Non sabía ata cando sería capaz de silenciar a miña boca, á que con máis frecuencia da desexada asomaba a inquietude en forma de pregunta sen resposta.

—Rebelareime e saberán de que cousas é capaz Brian, o Chinés –decidín unha noite, desesperado, cando se cumpriu definitivamente a miña separación de Arturo, de Melisa e dos demais.

—Se case sempre xogades xuntos no patio, que vos observo cada día, aínda que non sexades conscientes diso –consolábame Nati cada vez que, logo de tocar o maldito timbre, que sinalaba a hora de entrada, eu fuxía da fila dos meus compañeiros para coarme na de primeiro, escondido xunto a Xosué e Arturo, os meus cómplices en tal situación.

Xamais deu resultado tal estrataxema xa que nuns instantes aparecía ela, coa man estendida e firme adiviñando a miña obstinada, á vez que inútil, negativa.

—Non quero –berrei, algunhas veces, as máis... desesperado.

—Brian –balbucía, sempre mentres tomaba a miña man cun suave e firme apertón á vez.

Non podo negar que me sentía como un reo, arrincado sen piedade de xunto aos seus.

O meu comportamento empezou a cambiar ante o inxusta que me parecía tal situación.

—Por que non pode Brian estar cos seus amigos? –preguntei moitas veces a Ana, que me consolaba cun prolongado abrazo pensando con fartura o meu continuo malhumor na escola.

Con demasiada frecuencia participaba nas travesuras que moi ben programaba Adrián, un novo amigo que pasaba a vida no recuncho dos castigados sen participar nas tarefas dos demais, pola súa desobediencia constante a todo o que a mestra nos indicaba.

No entanto, decateime moi pronto que era o único do meu novo curso que me comprendía. Bastou unha simple chiscadela dos seus ollos maliciosos para que me lanzase ao baleiro como

observara que facían os homes e mulleres dun circo que durante varios días se asentou na nosa cidade: a unha orde do que tocaba a trompeta na orquestra, comezaban a redobrar con estrondo os tambores e un home e mais unha moza lanzábanse con valentía para alcanzar unhas barras metálicas douradas colgadas no teito, sen protección ningunha.

Foi a única actuación do espectáculo que me desgustara e a punto estiven de saír fuxindo de non ser pola firme man de Rui, meu pai, que me asiu polos brazos, sentoume sobre os seus xeonllos mentres eu coloquei as dúas mans diante dos ollos e tapeinos.

—Non quero mirar! —díxenlle—. Brian ten medo —berrei indefenso.

Sentín verdadeiro temor. Todo o que a continuación ocorreu na pista... nin ben o recordeo con exactitude. Só desexaba que todo acabase canto antes.

Achegábanse as vacacións.

Carme explicounos que preparariamos unha sobremesa xigante para que na festa de fin de trimestre os nosos pais e nais puidesen gozalo, orgullosos de todo o que eramos capaces de facer, a pesar da nosa curta idade. Eles, moi fachendosos, presumirían ante os seus coñecidos,

que invitaban ao que os maiores chamaban o festival de Nadal.

Existían moi poucos recunchos no meu colexio nos que non tivese entrando nunca, acompañando a Carme cando se vía obrigada a saír da nosa clase para facer algunhas fotocopias, se alguén a chamaba por teléfono ou para coller o material de traballo de aula.

Tomara ela a sabia decisión de que a acompañase a todos cantos lugares se desprazaba para non deixarme só cos demais co risco que podería supor. Ao seu regreso, animado unhas veces por Adrián e outras por propia decisión, o máis probable sería que aquilo fose un auténtico campo de batalla.

—Consequino –gabábame en silencio, cando recordaba que aquela situación non era máis que unha vinganza contra os adultos, unha forma de protestar pola inxusta decisión que comigo tomaran.

Non estaba disposto a renderme a pesar dos continuos consellos de Melisa que ata me ameazou, en repetidas ocasións, con deixar de ser a miña amiga se seguía empeñado no mal comportamento que adoptara.

Ata na casa empezaron a reprocharme tal premeditada actitude.

Os sentimentos de Ana con respecto a min empezaron de novo a arrefriarse, aínda que nunca o fixeron do todo. Convencinme, e non dubido que estivese no certo, de que se trataba soamente dunha estrataxema para que recapacitase no que ninguén dubidaba era unha decisión totalmente pensada.

As dependencias onde preparaban a comida diaria eran moi grandes, soleadas e ventiladas coma se dunha galería se tratase. Todo estaba cheo de máquinas prateadas, neveiras, conxeladores, sumidoiros. Nós non tiñamos a menor idea de que eran moitos daqueles aparellos, nin para que servían.

Amablemente, explicóunolo Adela, a cociñeira, que a min pareceume que era a que alí mandaba sobre as outras tres mulleres que non cesaban de pelar patacas, lavar caixas de leituga ou dar voltas a unha ola xigantesca moito máis alta ca nós. Debido á intensa calor que emitía, non nos deixaron observar de preto.

Unha delas tiña preparada, xa para nós, unha pota moito máis pequena de cor avermellada.

Carme sentounos nun recuncho, en ringleira para manernos afastados dos lumes azulados e ao mesmo tempo para que elas puidesen seguir co seu traballo.

Na pota foron os meus compañeiros e compañeiras, por estrita orde, botando todos os ingredientes necesarios para preparar a ansiada sobremesa especial... seguindo, un por un, os pasos que Carme indicaba sen deixar de dar voltas e remover cunha especie de culler de madeira visiblemente gastada: leite... moito leite, arroz, un pouquiño de sal, unha póla de canela, segundo nos explicou para darlle un gusto especial e un agradable cheiro.

—Ningunha sobremesa pode quedar completa, sen o doce correspondente –explicounos mentres nos amosaba unha botella de cristal violeta na man–: é o azucre. Botarémosllo convertido en caramelo líquido, por iso mostra esta cor escura tan rara.

Case todos gritamos ao unísono.

—Eu, eu! –mirou cara a nós coas palmas das mans estendidas pedíndonos acougo.

—Como é unha tarefa moi delicada botarao Brian, que para iso é o maior de todos.

Achegoume a botella, que collín con forza, con medo de que caese e a sobremesa quedase sen o seu principal ingrediente.

A cociñeira fíxolle un comentario, momento que aproveitei para introducir a botella na pota con sumo coidado. Foi un súbito arrebatado.

Cando Carme se volveu cara a min xa estaba o azucre no seu lugar de destino. Sorprendeume que me preguntase.

—A botella, Brian? Onde a puxeches?

—Aí! –Sorrín con picardía–. Está aí... –sina-lei a pota onde a deixara había só uns instantes.

—Aí! –sorprendeuse mentres cambiaba de cor–. Adela, apaga o lume e déixame unhas pinzas! –gritou.

A cociñeira riu pola trasnada, pero non durou moito a súa expresión de xúbilo nin tivo tempo de achegarse coa intención de pechar a entrada do gas.

Escoitamos un xordo estrondo e observamos atónitos como o teito se encheu de súpeto de grans de arroz que se pegaron a el.

Algúns dos meus compañeiros puxéronse a berrar histéricos e posuídos polo pánico.

A botella explotou coma se dunha bomba se tratase, fabricada especialmente para unha das escenas dalgunha película que vira no cine.

Por todas partes saltaron pequenos cristais. Parecía terse desatado unha monumental tormenta. O ruído que produciu fixo retumbar os meus oídos excesivamente sensibles. Non tiveren máis opción que facer o que mellor se me daba: emprender a fuxida, correr...



Corrín, sen saber con exactitude onde desexaba esconderme.

Fíxeno nun armario da clase, o primeiro que atopei a man, mentres os demais berraban no corredor. Outros soamente choraban asustados.

Carme nada dixo no momento no que me obrigou a deixar o meu agocho.

Supuxen acertadamente que algo moi esaxerado fixera pola súa expresión desencaixada.

As miñas sospeitas eran do todo fundadas. Na porta, non tardou moito en aparecer Nati con aspecto moi pouco amigable.

—Brian, ven comigo –ordenou sen máis ante o crecente estupor de todos os meus compañeiros e compañeiras, que xa regresaran aos seus asentos de costume.

—Non –respondín con rotundidade aínda sabendo que non serviría de nada tal negativa. Se outras veces con anterioridade non valera, non ía ser aquela unha ocasión excepcional, a pesar de que guiado polo instinto me sentase no chan e tapase a cara coas miñas mans con toda a forza da que dispuña.

Rodeábame un premonitorio silencio.

Era consciente de que todos estarían pendentos do que podería ocorrer. Nati obrigoume a incorporarme sen que mediasen máis palabras e

levoume ao seu despacho. Só unha idea bulía no miolo: liberarme, e correr... correr cara á porta coa intención de alcanzar a rúa.

Nada puideren facer para soltarme das súas mans fortes e cálidas. Naquel momento, parecéronme frías como o carambelo.

Era consciente de que estaba perdido. Fixera algo que, de xeito evidente, era moi grave e... o peor: puxera en perigo os meus propios compañeiros.

Durante o traxecto ata o despacho da muller, tiveren ocasión de observar os xestos de desaprobación do encargado de arranxar todo canto se estragaba na escola.

O home meneaba a cabeza en sinal de anoxo. Agora non me estraña xa que sería el quen debería amañar e pintar o teito.

O peor de todo era que Milo, que así chamaban a aquel home corpulento pero de carácter bonachón, por primeira vez non sorriu ao dirixirse a min. Adoptara unha expresión xeada e seria que eu descoñecía. O seu aspecto parecía petrificado.

Definitivamente, comprendín que o que acababa de facer non era precisamente algo gracioso como pensei de antemán.

—Puídeches causar importantes feridas aos teus compañeiros e compañeiras ou provocar

un grave accidente na cociña –a voz de Nati resoou cun eco lonxincuo.

Aínda non me decatara do perigoso que podería resultar o que fixera.

Ante Nati non tiven máis remedio que admitir a miña culpa; en realidade, deixárame levar por un súbito impulso a pesar de que era consciente de que non debería ter actuado de tal xeito, de que debería ter agardado que me indicase Carme como facelo.

—Brian non sabía que podería pasar todo isto –tentei con torpeza defenderme—. Brian non o fará nunca máis.

As miñas palabras non causaron o desexado efecto de obter un perdón inmediato como ocorría ás veces na miña casa ou con algúns dos moitos homes e mulleres adultos.

—Xa está feito, Brian –foi a súa única resposta que en nada aliviou, nin por un só instante, o meu temor, que intentaba en balde disimular cun sorriso nervioso. Por iso optei por mudar o meu aspecto e adoptar unha postura de humildade.

Souben que aquel era o momento ideal para deixar aflorar a pregunta que desexaba, na convicción de que, polo menos, Nati tería en conta as miñas circunstancias antes de tomar unha severa medida como intuín desde o preciso mo-

mento no que me colleu pola man para levarme a aquel lugar no que tantas veces, ata entón, tiña estado sentado comodamente fronte a ela.

—Non tés nada que dicir, Brian? –dirixiuse a min, o que polo menos supuxo un lixeiro alivio ante a situación que se me antollaba bastante comprometida.

—Brian está triste –rumoreei.

Nada respondeu, polo que empecei con ánimos renovados. Non aguantaría máis. Non tería por que facelo. Ao fin, ía lanzar a miña pregunta como un dardo envelenado.

—Por que Brian é diferente?

Nati pareceu sobresaltarse ante a repentina dúbida pero pronto recobrou a calma.

—Brian non é diferente aos demais! No fondo, todos o somos. Todos somos distintos uns doutros –sorriu.

—Brian é diferente, por iso lle chaman o Chinés. Brian sábeo.

—Non o es. Podo asegurarcho... por iso debes cumprir as normas como os demais nenos e nenas.

—Brian non quere que o castiguen –fixen unha última tentativa para que o ocorrido non fose merecedor de ningunha medida, tal como presentía.

De nada serviu que esbozase un sorriso antes de ditar sentenza.

Sentíame totalmente indefenso, impotente, só, sen ninguén que puidese botarme unha man.

—Debo castigarte. O que fixeches non pode pasar inadvertido. Pasa todos os límites da lóxica e da razón. Comprenderalo xa que terás moito tempo para pensar niso. Esta vez chegaches demasiado lonxe, Brian!

Entón comprendín o verdadeiro significado da palabra castigo, da soidade, de sentirme ignorado... como se non existise.

Decateime de por que algúns dos meus compañeiros choraban sen consolo cando eran levados ao “recuncho do esquecemento”, outro nome máis... durante longos períodos de tempo.

Adrián non o facía. El nunca choraba.

El si que parecía diferente. Sorría con valentía cando Carme o conducía a tal lugar... o que adoitaba ocorrer con moita frecuencia.

Se hei de confesar a verdade, pasaba máis tempo alí que no seu asento.

Máis tarde souben que era só aparencia: a súa tristeza era máis profunda, non saltaba á vista pero estábao destruindo por dentro, desde que os seus pais tomaran a firme decisión de separarse.

Sentíase como un xoguete en mans dos dous, como unha pelota que se lanzaban o un ao outro coma se dun arma arreboladiza se tratase, con tal de facerse o maior dano posible.

Niso eu tiña moita sorte. Na casa reinaba unha profunda harmonía. Eu, polo menos, percibíao de tal modo.

Durante semanas non tiven ocasión de compartir nada con ninguén. Tiven a impresión de que o mundo se puxera, unha vez máis, en contra miña pero dun xeito cruel.

Sentado nun banco, observaba como todos xogaban coa esperanza de que Nati se apiadase de min.

Non o faría.

Pacientemente tiven que agardar que pasase o tempo por ela establecido sen poder facer nada cando os meus compañeiros corrían por diante de min ou, peor aínda, cando os mestres e as mestras pasaban, sen tan sequera dirixirme unha palabra de alento nin unha mirada. Aínda que fose de reproche, creo que a agradecerá de igual modo.

Melisa mirábame indiferente e iso supuña unha terrible tortura.

O peor aínda estaba por chegar. Aveciñábanse días de intensas choivas e non podería mo-

llarme nos patios ata estar completamente empapado.

Agora penso que o silencio e a indiferenza son a peor tortura á que alguén, grande ou pequeno, poida verse sometido.

Xurei para min mesmo, con gran solemnidade, que nunca ninguén máis tería algún motivo para castigarme, para someterme a tan dura proba de resistencia que, no fondo, non era máis nada que iso.

Tal xuramento, a fin de non esquecerme diso, debería anotalo nun diario, como presumían de facer algúns dos meus compañeiros de Primaria.

Aprenderan a escribir con trazos que me parecían moi fermosos e que me produciron unha sa envexa.

Eu non era capaz. Os meus dedos mostrábanse torpes cando collía os lapis de cores ou cando pretendía moldear figuras de plastilina que, só con moita imaxinación, poderían parecerse ao que a miña mente pretendía expresar.

En canto me fose levantado o castigo, acudiría a Melisa para que ela escribise por min.

Seguramente tería o mesmo valor. Non o dubidei e unha tarde na miña habitación, logo de acabar o meu illamento, pedinllo.

Creo que lle fixo moita graza pois riu con todas as ganas que puido.

Canto botaba de menos o seu sorriso, a súa compañía, o brillo dos seus ollos, o seu pelo longo... dourado como os raios do sol ao mediodía!

—Brian nunca máis volverá ao banco do esquecemento! —xurei con solemnidade.

Esa frase ocupou a primeira páxina dun caderno sen estrear que collín da mesa de traballo de Rui, o meu pai, onde se alzaban moreas inxentes de papeis repletos de borranchos algúns, pulcros outros, planos e facturas que segundo el equivalían a diñeiro.

Nunca atopei parecido ningún entre ambas as cousas pero supuxen que sería así porque cando algunha folla chea de números e letras desaparecía misteriosamente da mesa moi pronto entregaba a Ana un pequeno feixe de billetes.

IV

Podo, ao fin eu só, xuntar palabras e debuxos no meu propio diario.

Foi o primeiro que escribín no caderno, acabado de estrear, aínda que, iso si... levoume moitos minutos.

Brian foi capaz!

Nada podería encherme máis que isto. Tiven que esperar anos, pero conseguino. Non podería ser doutro xeito.

Aínda que a torpeza das mans non mo permitiu antes, si que a axilidade das miñas pernas me axudou moito. Polo menos para coller unha importante autoestima que me fai sobresaír de todos os demais no que se refire ás probas ás que nos somete con frecuencia o noso profesor de ximnasia. A el non lle gusta nada ese nome que polo visto resulta anticuado... di o home que agora prefire o de Educación Física, xa que ten que ver coa saúde do corpo e da mente.

Eu que sei!

Tiña razón o home serio, Milo, cando un día, ían varios meses, escoitei como lle dicía á miña antiga mestra:

—Se houbera alguén capaz de facelo correr en liña recta non habería quen puidese superalo.

Dirixiron, naquela ocasión os dous, os ollos cara a min. Creron que non os oía pero tomei boa nota.

Certo é que me custou moito.

As liñas rectas non son o meu pero con gran esforzo logrei tal cousa.

En honra á verdade, con frecuencia desviábame do itinerario marcado xa que calquera cousa era capaz de chamar a miña atención, o que me facía perder a concentración.

Ata gañei algunhas medallas nalgúns campionatos escolares entre os colexios, fronte a rivais de maior estatura cá miña.

A mellor recompensa eran as fotografías que Rui me sacaba en pleno esforzo que aínda me producían máis ánimos, xunto ás bágoas de emoción de Ana.

Servíronme para comprender, ao fin, que me querían ambos.

Amábanme como os demais pais facían cos seus fillos.

A Adrián nunca ía velo ninguén da súa familia, o que me magoaba profundamente.

Arturo, ao ingresar no instituto, aos poucos foi esquecéndose de min.

Melisa seguiu sendo a miña amiga aínda cando empezou a saír de cando en vez a pasear con algún compañeiro de aula.

Terminei o colexio con catorce anos.

—Que é o que máis che gusta para cando sexas maior? —sorprendeume Nati unha mañá.

—Brian xa é maior! —protestei. Esa contestación produciu nela un sorriso, non podía ser doutro xeito.

—Xa o sei. Máis aínda... quixen dicir. O que pasa é que me expliquei mal... ás veces ocoórreme. Estou xa tan afeita vovos crecer con tanta rapidez desde o primeiro día que entrades aquí, que me esquezo de que xa non sodes os nenos pequenos con cara de asustados e medorentos coa que chegades ao colexio o primeiro día, co voso mandilón amarelo relucente e impecable —esbozou un novo sorriso de desculpa coma se me ofendesen as súas palabras.

Poucas veces atopei nos adultos un modo de sorrir tan belo e sincero.

A min transmitíame unha increíble sensación de tranquilidade aquel simple aceno dos seus beizos carnosos aínda que apenas deixaba asomar os seus brancos dentes brillantes.

Desde sempre tiveron unha rara habilidade para coñecer con exactitude o estado de ánimo dos

maiores, simplemente cunha rápida ollada ao seu rostro.

A miña nai facíao dun modo máis espontáneo e esaxerado... a piques de rir abertamente.

—Brian, os automóbiles –contestei ao fin, o que provocou unha nova mostra de alegría cómplice na súa expresión.

—Xa o sabía, Brian! Tiña que ser así –exclamou satisfeita, coñecedora de todo o que me rodeaba ou o que, ás veces, podería preocuparme.

Tampouco sería tan difícil de adiviñar, andando sempre como andaba por aquel entón con todos os coches de pequeno tamaño que puidesen coller na miña mochila.

—Arranxarás coches seguro –animoume– e faralo moi ben. Para ti non terán segredo ningún. Xa o fas sempre cos teus.

—Brian estrágaos todos –respondinlle.

Adoitaba desarmalos por completo para volver montalos de novo, a maior parte das veces coas pezas cambiadas á mantenta para que sempre resultasen distintos.

—Non sei como podes ser capaz de facer nelles tantos cambios sen que che sobren pezas ao final –confesoume–. Eu non sería capaz de conseguilo, aínda que pasase semanas enteiras intentándoo.

—Nati non sabe de coches –sorprendina.
Riu abertamente.

—Nin de quebracabezas! –engadín satisfeito doutra das miñas especiais habilidades. Era a miña pequena e cariñosa vinganza para con ela polas veces que comigo mostrara a súa dureza.

Non importaba o desafiante número de pezas descolocadas que me puxesen diante dos ollos para que as fose colocando con abraiante rapidez, o que a todos asombraba.

—Como podes facelo con tanta lixeireza e exactitude?

—Brian non o sabe. Son as propias pezas as que mo indican unha vez observado con moita calma o debuxo das caixas.

Como todos deduciron que no instituto me ía perder entre tantos libros, tarefa demasiado complicada xa que as miñas limitacións resultaban imposibles de paliar, aconsellaron aos meus pais que o mellor sería matricularme nas clases de automoción.

Os dous estiveron totalmente de acordo aínda que nun principio tal decisión os entristecese un pouco. Nada falaron cando estaba eu presente, pero adiviñeino nas pequenas fiestras da súa face, esa parte do corpo que nunca engana a

ninguén... non como as palabras, que con máis frecuencia da desexada adoitan facelo.

—Brian faravos moi pronto un coche novo –animeinos– e se non é capaz... gañará diñeiro para compravos un, o máis bonito, o que máis corra.

—Ese é o noso Brian! –exclamou Ana mirando de esguello a Rui–. Brian, o Chinés –repetiu.

Aquela noite escribín no meu diario. Sentín unha gran necesidade de encher de palabras unhas liñas.

Brian é feliz. Ana e Rui séntense orgullosos do seu fillo e iso é todo canto podería soñar.

Melisa acompañoume na festa de gradación. Agradecinllo cun bico que ela non puido rexeitar.

Non era aquela a primeira vez.

Unha fin de semana, a súa nai deulle permiso para pasalo comigo na aldea, na casa dos meus avós. Teriamos así moito tempo para estar xuntos e gozar da natureza agreste da montaña. Compartimos tamén esa afección.

O meu avó contoume máis dunha vez que, moi preto da última casa da aldea, seguindo un carreiro paralelo ao arroyo, que descendía veloz

da serra, existía unha misteriosa cova ou gruta que, en tempos moi remotos, tiña estado habitada por non sei que estraños personaxes.

El mesmo nos acompañou ata as proximidades. Sentou nunha pedra do arroio e sinalounos unha fenda entre dúas rochas, case cuberta de silveiras. Logo descalzouse e meteu os pés na auga.

—Non tardedes moito –advertiunos.

Collina da man.

A escura entrada da cova estaba xa moi preto e se non a agarraba, con seguridade caería.

Avanzamos en silencio ata o lugar que supoñiamos enfeitizado.

—Aí está... –exclamei.

Empezaba a atardecer, que seica era a mellor hora para entrar, segundo escoitara a algunhas persoas maiores.

A sombra do carballo máis alto durmía no medio da boca. Era cando talvez se escoitaban mellor as misteriosas voces das que oíra falar tantas veces e cando se facía visible o tesouro que, durante o día, ninguén puido contemplar xamais.

Contaban na aldea que había moitos anos entraran uns homes armados e acompañados con varios cans e cadelas para explorala, por se tivese algún fundamento real todo o que se transmitira

na fala da xente, xeración tras xeración desde tempos inmemoriais.

Os animais seguiran misteriosas pegadas e perdéranse na penumbra. Nunca máis se soubo deles. Só conseguira sobrevivir unha femia de caza que seica tiña moi bo olfacto. Aos poucos días, toleara e enfermara de gravidade ata que morreu.

—Díxome a miña avoa que o tesouro non colle nas habitacións dunha casa –murmurei esperanizado.

Comezamos a avanzar. A medida que íamos deixando atrás a luz do día, íase facendo máis penetrante a escuridade. Prendemos un misto para acender as dúas candeas que levaba nun dos meus petos. Noutro gardaba unha pequena navalla que avó me regalou nun dos meus aniversarios. Segundo el, era unha das cousas que resultaban imprescindibles para andar polo monte. Aínda a teño. Vai comigo a todas partes aínda que estea xa demasiado gastada.

Camiñamos moi amodo, con excesiva calma, observando as grandes sombras que a tenue luz das candeas proxectaba nos ocos e nas profundas galerías que se ían abrindo a ambos os dous lados, ante os nosos ollos desconfiados e incrédulos á vez.

As paredes laterais e o teito parecían cavados a man. Aínda se notaban os golpes dos picos e

os martelos de punta que utilizaran. Aquilo era unha construción humana, non era algo feito pola natureza.

Un intenso cheiro a xofre e cal alagaba o aire a medida que nos internabamos.

Ao fondo dunha das moitas e escuras galerías observamos con certo temor un reflexo dourado que semellaba chamar por nós cunhas voces miúdas, silenciosas... como un máxico rumoreo.

Achegámonos con lentitude, a piques de tremmer... arrimados un ao outro e collidos da man. Percibimos como un diminuto fio de fume branco ascendía cara ao teito da gruta.

Cada vez era máis intenso aquel brillo.

—E se é ouro, que facemos Brian?

Non puideron responder nada. De boa gana lle transmitiría a calma que eu comezara a sentir.

—Brian está aquí e nada pode temer a súa amiga –non fun capaz de expresalo en alta voz. Non tiven tempo.

Escorregamos. Dei co meu corpo no chan. Estaba moi brando, cheo de lama e barro.

Era, sen dúbida, o tesouro que brillaba. Estabamos xusto encima del. Un chorro de auga escintilante caía nunha ferverenza escumosa e acubillábase nun gran charco moi pouco profundo.

A auga estaba case xeadá.

—Axúdame Melisa –berrei moi asustado.

Tendeume a man logo de entregarme a súa luz. A miña caera á auga e apagárase de súpeto. Recuperaina coa intención de secala e volver acendela, unha vez que pasase o perigo.

—Isto que é? –exclamou Melisa.

—Brian non ve nada. É terra nada máis –eu estaba no certo, moi ao meu pesar.

Non había máis que lama.

Axudoume, ao fin, a levantarme daquel charco que por un momento pensamos que era prata e ouro. Estabamos empapados e aterecidos.

Víase con moita dificultade.

Sen dicir nada, comezamos a camiñar cara a saída.

—Co tempo que levabamos agardando vir á cova dos mouros para ensinarcha e...

Non puiden acabar de falar porque a nena me tapou os beizos co seu pequeno dedo aínda mollado. Así permanecemos uns segundos coa mirada cravada nos nosos ollos asustados. Foi apartando con suavidade e lentitude o dedo para deixarlle sitio aos seus beizos trementes que se pousaron nos meus.

Unha nova sensación, totalmente descoñecida para min, percorreu todo o meu corpo ou talvez a miña alma chea de inocencia e de dita á vez.



A calor dos beizos suaves de Melisa sóubome a dourada dozura das uvas frescas co orballo da mañá, a aceda cereixa avermellada aínda pouco madura, ao leve estalido, entre os dentes, do amorodo silvestre que crece á beira do arroio sombrizo... a unha chea de froitos saborosos que non sabería nomear na súa totalidade.

—Era verdade que había un tesouro na cova, tiña razón a miña avoa –murmureille ao oído, moi baixiño para non romper aquel silencio arrepiante e agradable á vez. Ela só sorriu, como o sabía facer tan ben, sen dicir nada.

Escoitei aos adultos dicir moitas cousas sen sentido... unha de tantas era que o silencio pode dicir cousas inapreciables para os sentidos. Agora comprendo que tiñan razón. Adiviñei o que ela quixo expresarme aquel fermoso e inesquecible atardecer.

Mireina mentres collía o seu rostro entre as mans que estaban deixando de ser dun neno e parecían ter desexos de pertencer a un adolescente.

Moi pronto cumpriría anos e xa recibira, por adiantado, o meu agasallo de aniversario.

—Non sexas tolo, aquí non hai tesouro, isto é só terra e auga –dixo ela que non comprendía o que eu quería dicir.

Nada contestei, só pousei un bico furtivo na súa fronte pálida.

Cantas cousas podería terlle dito se non fose tan diferente a ela!

Cando abandonamos a gruta comezaba a escurecer. Levabamos máis tempo dentro do que criamos ou, talvez, era que transcorrera moi de présa. Apuramos o paso para que avó non estivese preocupado por nós.

Brian sabe que o que contan sobre o tesouro escondido na misteriosa cova dos mouros é real. Está alí. Vino. Toqueino. Sentino. Desexei desfacelo entre as miñas mans. Gardaríao nun cofre con chave de ouro para que sempre me pertencese a min. Mentres viva será meu, aínda que para iso teña que defendelo contra vento e marea, como os lendarios cabaleiros que, sen dúbida, antes ca min o descubriron. Todo o que hoxe sentín, ninguén xamais poderá arrebatarmo. Ninguén!...

Por aquel entón, a miña amiga era moito máis alegre do que aparentaba ser poucos meses despois, cos seus recentemente estreados quin-

ce anos. A súa radiante expresión volvérase día a día máis tensa, sen brillo, sen emocións que fosen capaces de sacala da súa soidade, como ela afacía confesarme cando, a base de moita insistencia, conseguía que abrise unha fendedela moi pequena da fiestra do corazón.

Que desexos me invadiron de converterme nun fugaz raio de sol, do de mediodía...! O máis forte, e coarme ás furtadelas ata chegar ao fondo do seu corazón e da súa cabeza para descubrir todo aquilo que, ao meu entender, a está matando moi aos poucos e sen que ela se dea conta.

Así de duras foron as palabras que escribín unha noite. A realidade non o era menos. Decatábame de que perdía a persoa que máis quería, sen remedio.

Estaba desorientado con respecto a ela. Nos últimos meses, non era a Melisa que recendía a espontaneidade e ledicia, a optimismo e sorrisos. Talvez fose que ela mesma desexaba destruírse.

—Brian quere saber que lle pasa á súa amiga –insistía con frecuencia–. Brian desexa comprendela e pór fin ás súas preocupacións.

—Non podes. En realidade ninguén pode facelo –lamentábase con bágoas nos seus fermo-

sos ollos. Entón, tornáronse inexpresivos, faltos de brillo, apagados.

Brian ten que facer algo con urxencia pola súa mellor amiga, pola dona do seu corazón. Pero non sabe, séntese impotente. É incapaz de tan sequera sacarlle unhas palabras con sentido lóxico.

O meu diario converteuse nunha válvula de escape que, en realidade, para nada servía.

A punto estiven de rompelo en mil anacos diminutos, aos poucos días da nosa última conversa, logo de desafogarme nas súas páxinas.

Hoxe quedei de pedra.

A miña amiga está moi mal. Fomos dar un paseo á beira do río. Os seus amigos e amigas de hai tempo non a chaman sequera, polo que apenas sae de casa.

Ía unha calor terrible e con todo Melisa saíu da súa casa cunha gabardina que lle cubría os pantalóns, por baixo dos xeonllos.

—Teño frío –balbuciu sen dirixirme tan sequera a mirada—. Teño frío, imbécil! –exclamou

no mesmo momento en que se decatou de que a miraba desconfiado a piques de soltar unha estrondosa gargallada.

Tiven que conterme e facer uso dunha profunda concentración, tal como Nati me obrigaba a poñer en práctica nalgunhas ocasións, nas que os meus desexos de gritar se volvían máis fortes ca min.

—Melisa non pode ter frío –murmurei en voz baixa, para que se sentise aínda peor do que xa, sen dúbida, estaría.

Debería premela un pouco máis. Seguramente iso daría resultado.

Era preciso romper a coiraza que a protexía dos demais e que colocara diante do corazón no momento no que eu intuía que algo ía mal na súa cabeza ou no seu corpo, que o mesmo me daba.

O aspecto de Melisa cambiaba día a día, desmelloraba. A súa extremada delgadeza producíame un sentimento que xamais fun capaz de describir.

—Pois non o teño se ti queres..! –admitiu sen tan sequera mirarme os ollos, o que me alertou aínda máis, se non o estivese xa bastante durante os últimos días– como ti o sabes todo. Polo menos, cres que así é... –apostilou.

Detívenme fronte a ela.

Obrigueina a pararse e a que levantase os ollos do chan. Alí embaixo pretendía escondelos cando non desexaba que transparentasen o interior dos seus pensamentos.

Por un instante, fíxome caso e conseguín que me mirase como adoitaba facelo cando era nena.

—Que queres, Brian? —preguntoume desafiantemente—. Creo que non me entendiches nada do que intentei dicirche. Ti nunca poderás axudar á que chamas a túa amiga. Se é iso o que sentes, déixame en paz —calou un intre collendo folgos e renovadas enerxías—, límitate a acompañarme e esquécete de tanta pregunta —sentenciou con xesto apesarado.

Nos breves instantes que durou a nosa mirada, intentei en balde sorrir coa intención de que se animase polo menos un pouco. Nada conseguín e limiteime a seguila en silencio.

Detivémonos outra vez na beira do río. Sentamos na herba húmida.

Collín algunhas pedras de pequeno tamaño e comecei a lanzalas amodo, moi preto dela, buscando que as finas pingas de auga, que fuxían do río salpicando a herba para pousarse suavemente nela como finas bágoas do ceo, lle chegasen ao rostro transmitíndolle o seu aroma fresco e a súa paz transparente.

—Non poderás ficar quieto un momento? –reprochoume.

—Creo que Brian, o Chinés, molesta a súa amiga e non desexa facelo –lamenteime.

Fixen ademán de coller a súa man pero rexeitouse e, sen volveuse cara a min, murmurou dun modo case inintelixible.

—Ti non es chinés –logo alzou un pouco o ton de voz para proseguir-. En realidade os teus ollos son así por unha razón moi diferente! Ou é que aínda non o sabes? –Naquel momento si que dirixiu os seus ollos aos meus aínda que eu desexase que non o fixese daquel xeito. Sentínme humillado como nunca experimentara. Sentín medo do que podería dicir se continuase o seu enfado. Aínda así, non deixei de mirala.

Melisa miroume e a súa expresión produciume un forte desacougo. Adiviñei nos seus ollos un sutil fío de odio, ou mellor, de rancor, que me parece algo máis suave, se puidese minorar unha palabra o seu significado a dor que pode producir un conxunto de letras ordenadas ao azar.

Nunca fixera ningún comentario con respecto á miña discapacidade, como os doutores e Nati

acostumaban definir a miña diferenza con respecto aos demais.

Quixera non verme levantado da cama, ese refuxio onde todo parece ser alleo a nós, onde nos esquecemos de todo o que ocorreu, onde en realidade non existe diferenza algunha entre os seres vivos: durmindo todo se esquece, ata os máis terribles pesadelos que poidan invadirnos. Leva moitos días sen chover e necesito que a auga me reconforte!

—Son superior a ti. Sei o que busco. Ti non o sabes, Melisa! –gritei.

Non imaxinaría nin no peor dos meus soños, esperto ou durmido, que fose capaz de dirixirme a ela de tal modo.

—Superior? –burlouse—. Pode ser, pode ser! –volveu cravar a súa mirada no chan, rendido aos nosos pés.

—A beleza abandonoume. Estou perdida! –deixou escapar unhas fugaces bágoas amargas.

—Brian quere á súa amiga –só puideren articular cinco palabras con sentido lóxico.

—Pero, Chinés, non te dás conta de que o meu corpo cambiou? –Fixo unha breve pausa—.

Non percibes que non son a mesma nena que coñeciches desde moi pequeno?

De súpeto, fiquei sen palabras, nada puíden contestar. As miñas reaccións foron sempre dunha esaxerada lentitude.

—Melisa é a mesma de sempre –quixen animala aínda sabendo que non o conseguiría. Mais non podería renderme. Supuxen que estaba case a piques de revelarme algo importante para ela.

Fixen un descomunal esforzo para non desfalecer, a pesar de que o pensamento mo pedía a voces, protexéndome de palabras aínda peores das que escoitara e que martelarían o meu cerebro durante moitas noites, máis das que podería soportar.

—Como podes mirarme, Chinés...? –gritou desesperada entre abundantes bágoas, que de boa gana enxugaría coas miñas mans ou mellor cos meus beizos saboreando o seu sabor salgado e doce á mesma vez.

—Brian ámate e nunca deixará de facelo. En realidade, ocupas a maior parte dos seus pensamentos.

—Aínda podes dicir palabras agradables vén-dome así?

—Así como, Melisa? –preguntei sorprendido.

—Gorda! –gritou unha vez máis—. Ti non tés ollos tampouco? –enfadouse de novo.

Ganas de rirme non me faltaron pero conseguín conterme para non dar ao traste coa revelación que estaba a punto xa de fluír.

—Brian pensa que Melisa está moi delgada. Máis aínda, se cabe, de como foi sempre –consoleina.

—Estás cego! Non me ves porque levo esta roupa que disimula moi ben todos os quilos que me sobran.

Non puiden entender o que me estaba revelando. Tratábase dunhas palabras que non entraban ordenadas no meu pensamento. Non podía ser certo o que estaba escoitando.

Aquilo carecía do máis elemental sentido común, como din os maiores.

Por un momento pensei que se trataba dunha desagradable broma de moi mal gusto pola súa banda. A expresión angustiada dos seus ollos deixaba adiviñar unha tristeza máis profunda do que eu puidese imaxinar ou talvez comprender.

Aquela confesión escapaba á máis elemental lóxica que eu era capaz de aplicar ante tal situación.

As súas palabras golpearon os meus oídos con estrondo e aínda continúan facéndoo hoxe. Creo que nin co paso dos anos serei capaz de borrarlas para sempre da memoria.

Non se detivo. Seguiu falando e falando. Limiteime a escoitar todo canto me revelou, incomprendible para min. Fíxome pasar con suavidade os dedos das miñas mans polos seus beizos fríos. Estaban ásperos como a area do río.

Seguía sen comprender nada e así llo fixen saber aínda que non servise de nada. Aquilo non eran cousas de case nenos da nosa idade. Resultaba demasiado complicado para min, pero algo me fixo sospeitar que a miña adorada Melisa estaba como un barco á deriva e que era aquel o momento de botarlle unha man ou de permitir que se afundise para sempre nas augas do océano.

Fixeime con serenidade na súa cara. Estaba pálida. A súa pel adquirira desde tempo atrás unha estraña cor rosácea e tiña perdido o seu natural brillo. Semellaba que nos últimos meses pasaran por ela varios anos.

Confesoume algunhas cousas máis que desexaría non escoitar nunca porque a miña razón non era capaz de absorbelas. Non tiñan nada que ver co que Nati chamaba con demasiada frecuencia o sentido común.

De volta na casa, o meu único desexo era contalo pero non fun capaz. De sospeitalo tan sequera, Melisa non volvería mirarme á cara xamais.

Algo lera ou tiña escoitado sobre unha temible enfermidade que afacía cobrar as súas vítimas entre as mozas da nosa idade. Aínda hoxe non me atrevo a pronunciar o seu nome. Prodúceme calafríos.

Intentei transcribir todo o que me confundía no meu diario pero todo foi inútil.

A miña amiga está mal. Necesita axuda e Brian non pode ofrecerlla... non sabe.

Creo que pola noite chorei desconsolado. Ben sabía que aos meus quince ou dezaseis anos xa non debería chorar pero non puíden conterme. No entanto, sentoume ben. Dentro das abundantes bágoas que brotaban dos meus ollos, expulsei parte das preocupacións, ou polo menos iso crin, porque ao espertar todo resultou o mesmo: Melissa necesitábame.

Ao fin alguén podería recibir a miña insignificante axuda.

Tamén podería contarllo á súa nai pero sería aínda peor.

Non sabía como nin o que, pero tiven a seguridade de que algo debería de facer e con moita urxencia.

—Brian necesita correr só –pedín permiso a Ana, nai. Sorriu, asentindo coa cabeza.

—Sabes que me gusta saber onde estás –suxeríume como en moitas outras ocasións fixera.

Coñecía con exactitude o significado das súas palabras.

Non debería abandonar a ruta que eles me trazaron a primeira vez que permitiron que saíse sen a súa compañía, polo parque no que a miúdo me detiña a contemplar uns esveltos cisnes que sempre facían idénticos movementos torpes. Logo, o meu traxecto continuaba varios quilómetros entre o arboredo paralelo ao río da miña cidade, cheo de vellos plataneiros.

Non sei por que lles chamaban de tal modo se nunca neles vira un só plátano. Cruzaría despois a ponte de madeira antes de chegar á veciña aldea do outro lado da ribeira.

Aínda que o percorrido se me facía cada vez máis monótono, non me importaba.

O simple feito de correr, de esgotarme resultaba tan confortante que ocultaba todo o demais.

Ana levaba xa unhas semanas moi risoña. O seu carácter cambiaba e eu adiviñábaa feliz, aínda que descoñecese o motivo. Para min era suficiente vela sorrir.

O percorrido realizado resultoume demasiado curto. Sen propormo sequera desvieime, sendo

consciente de que non debería facelo por unha senda, montaña arriba. Tiña necesidade de esgotarme fisicamente para non pensar. Cada paso que avanzaba, retumbaban no meu cerebro as últimas palabras da miña amada Melisa.

Empecei a sentirme mellor cando puiden, desde o alto do outeiro que domina a miña cidade pola cara do sur, contemplar como nunca ata entón fixera os altos edificios apiñarse firmes e presuntuosos, uns xunto a outros escoltando o río, orgulloso de sentir sempre a compañía da xente.

Non é moi grande a cidade pero a min pareceumo sempre. Exhausto, decidín sentarme e veume á cabeza un conto que a miña avoa me relataba de moi pequeno, un día tras outro, sempre que eu lle porfiaba para que o fixese... tampouco era que tivese que insistir moitas veces.

Existía naquela pequena montaña unha ninfa ou unha moura, que non o recordo moi ben, que en tempos moi antigos fora castigada para sempre a vivir nunha cova, cuxa entrada estaba totalmente pechada con dúas enormes pedras de granito.

Era, polo visto, a época en que as pedras, as árbores e os animais podían pronunciar palabras e falar como os humanos.

Fora merecedora de tal condena porque come-teu a ousadía de namorarse dun cabaleiro, sendo case unha nena. Prometéralle el levala a un palacio onde a convertería en princesa para o resto dos seus días.

Por el abandonou a súa humilde casa nunha aldea próxima, a súa familia e amigos, levada pola fantástica promesa do seu amado, ao servizo do rei de León, que gobernaba todo canto ollo humano puidese contemplar.

O cabaleiro foise un bo día a loitar contra os infieis e nada se volveu saber del.

Brancaflor, que así contan que se chamaba a rapariga, foi conducida e abandonada nun burato da montaña para o resto dos seus días en pago ao que todos chamaron unha traizón ao seu sangue.

Soamente podería ser liberada cando alguén fose capaz de separar aquelas dúas pedras que colocaran os devanceiros habitantes na entrada.

Busquei durante moito tempo aquela misteriosa entrada coa afastada esperanza de atopala.

Para a miña sorpresa existía. Aínda que no interior nada se puidese ver, si que percibín un estrño queixume que me arrepiou.

Facíase cada vez máis forte, a medida que a miña curiosidade aumentaba.

Polo que dicía avoa, o único momento no que se podería liberar era á tardiña cando os raios do sol se coaban furtivos entre as rochas que servían de prisión da ninfa ou o que fose.

Agardei con impaciencia tal momento.

Intentaría ser eu quen a liberase.

A verdade foi que non tiveren que facer grandes esforzos para mover e desprazar cara a dentro o máis grande daqueles dous penedos e, a continuación, dirixirme ao interior.

O queixume cada vez era máis insistente e a luz case apagada do atardecer iluminábao todo.

Aquel lugar estaba húmido, o que producía unha agradable sensación de frío. Sobre un xergón de follas resacas, recostada, miroume unha muller avellentada, dunha fermosura especial, metade real, metade imaxinaria.

Sen dúbida, era ela. O seu rostro iluminouse ao verme de pé, alí diante súa. Incorporouse ata achegarse a min e tenderme a man.

O seu tacto era frío mais a súa expresión volvíase alegre a medida que se acercaba a min.

—Blancaflor concederache un desexo. Aquel que queiras por moi difícil e complicado que este puidese resultar –musitou, tocándome na face.

Achegouse máis e máis coa intención de bicarme. O seu alento resultaba frío, húmido, vaporoso.

Intentei, en balde, retroceder uns pasos. Resultoume do todo imposible.

As pernas non responderon aos meus desexos de facelo, insensibles como os talos dun arbusto fortemente ancorado ao chan.

Os seus beizos enxoiitos pousáronse nos meus, durante un instante fugaz que non sei canto puido durar. Pechei os ollos e vin unha infinidade de imaxes do meu pasado, do presente e, o que máis me asustou, observeime sendo moitos anos maior do que era en realidade.

En cambio, cando conseguín abrir de novo os ollos e mirala, o seu rostro cambiara por encantamento ata converterse nunha adolescente. As engurras foran desaparecendo e a súa pel recobraba aos poucos a cor perdida e avellentada. Creo, sen medo a equivocarme, que nunca contemplara nada semellante. Un intenso aroma embriagador a romeu e anís invadía todo.

A punto estiven de desfalecer.

Unha brisa xeada golpeoume na cara.

Sentín un calafrío que me fixo poñer de pé. Semellaba que nas pernas tivese un resorte que me empurrase cara a arriba. Creo que non sentía o meu corpo esgotado, a piques de transformarse en fume, en vapor.

Freguei os ollos. Sen dúbida, polo cansazo ficara durmido.

Só soñara.

Examinei o lugar con detemento e sorprendido, puiden observar como, a moi poucos metros, nas penelas, existía en realidade un oco que sen dúbida penetraba nas entrañas da terra. No oco, dúas pedras tapábano todo, pero unha delas caera recentemente. Sóubeno xa que debaixo se podía observar con total nitidez a terra húmida e un pequeno manancial, case diminuto, un feble fío de auga que manaba case conxelada.

Asusteime e botei a correr monte abaixo. Debería abandonar o lugar canto antes se non quería que Ana se preocupase e saíse na miña busca. Non podía entreterme. Non sentía cansazo algún.

Tiven a súbita impresión de poder voar.

Non minorei a marcha tan sequera para coller alento.

No miolo soamente unha idea me impulsaba coma se dunha orde se tratase.

—Nati –repetía sen cesar. Chamaba por ela ao borde mesmo do desfalecemento.

Tería que chegar como fose á súa casa, no barrio antigo da cidade. Con seguridade, na miña comezarían a estar preocupados pola tardanza pero todo me daba o mesmo.

—Nati pode axudar a Melisa –non albergaba a máis pequena dúbida de que quen me inspirara

a solución ás miñas preocupacións era a moza da cova, a moura, a ninfa...

Golpeei con forza o pomo de aceiro da súa porta de madeira, a xogo coas paredes de pedra e cemento agrisado.

Arranxáranla poucos meses atrás, conservando todo canto de antigo posuía.

Sempre me gustou a zona vella, como oía chamarlle aos meus pais, coas súas estreitas callas, o chan empedrado e as fachadas cheas de flores en calquera época do ano.

—Brian... que sorpresa! –saudoume, invitándome a entrar co seu sincero sorriso– pero... que che pasou?

Preocupouse ao verme coa roupa húmida pola suor e o meu rostro, que supuxen desencaixado.

—Onde estiveches? –insistiu ante a falta de palabras que obtivo por resposta.

—Melisa necesita que Brian a axude –intentei expresarme–. Brian non sabe que facer –estaba seguro de que sería a única persoa que podería entenderme e a única tamén que podería achegarse á miña amiga sen levantar a máis pequena sospeita de que eu puidese resultar un vulgar delator.

Miroume longamente ata que xa non puideren máis.

—Melisa está enferma –case gritei.

—Enferma? –estrañouse, mentres pasaba as súas mans pola miña cabeza acariñándome o pelo.

Ao meu xeito, conteille todo canto sabía da súa estraña enfermidade. Ela procurou non interromperme, consciente de que se o fixese, eu non falaría máis. Deixoume acabar todo canto a miña alma quería expresar aínda que con torpes palabras e longos silencios que Nati coñecía xa á perfección.

—Melisa cre que está moi gorda –acabei, a piques de botarme a chorar.

Abrazoume, apertoume contra o seu peito mentres me balbuciu ao oído.

—Melisa ten moita sorte de ter un amigo coma ti.

Despois colleu o teléfono con calma. Enseguida souben que chamara á miña nai.

—Brian está aquí comigo –tranquilizouna.

Non estaba equivocado, fíxose tarde, atraseime de máis e non debería telo feito. Por iso me buscaba polo meu percorrido habitual. Non tardou moito tempo en chamar á porta de Nati e entrar a unha invitación súa.

Non se mostraba preocupada aínda que o esgotamento se reflectía na súa forma de falar.

—Brian sente preocupar a súa nai –intentei desculparme. Non o fixen para que non me rifa-se. Iso non me preocupaba, xa que o merecía, máis ben foi porque o meu corazón desexaba que ela o soubese.

Aprendera a quererla e a agradecer a infinita paciencia que amosaba ante as miñas continuas torpezas que, as máis das veces, nos últimos tempos, desculpaba sen reproche ningún. Isto provocaba en min un molesto sentimento de culpabilidade.

—Ás veces, síntome inxusto con Ana. Ela quéreme máis do que unha nai poida facelo.

Como puiden, anos atrás, dubidalo tan se-quera?

Dou grazas á natureza por terme pousado nesta casa, nas súas mans e nas de Rui, o meu paciente pai.

V

En realidade, son un tipo afortunado. Case todo canto me propuxen conseguino. Estou a piques de cumprir os dezaoito anos e, en canto o faga, entrarei a traballar como mecánico no moderno taller dun bo amigo do meu pai.

Se isto fose pouco, Melisa prometeume que virá á celebración que organizaron os meus amigos pola miña maioría de idade, que é como chaman os maiores a este aniversario...

Se todo isto non bastase, Adrián tamén me escribiu unha longa carta e dime que lle darán uns días de permiso e que me acompañará.

Adrián converteuse, por aquel entón, nun inseparable amigo desde que os dous chegamos ao instituto con cara de asustados. Os demais transformáranse, polo menos iso me parecía, nuns adolescentes xa feitos e dereitos e comezaban terceiro.

Nós, aínda que no meu caso da mesma idade de Arturo e Melisa, quedamos un pouco máis pequenos de estatura.

Eu engordara bastante e o famoso estirón tardaba en chegar, o que moitas veces chegou a desesperarme.

A Adrián pasáballe outro tanto do mesmo, aínda que, ao contrario ca a min, era miúdo en exceso. Debía ser que consumía todas as súas enerxías xogando cos patíns. Encima deles sentíase seguro e era capaz de facer todo tipo de exercicios. Máis dunha vez cheguei a pensar que eran unha rara prolongación das súas pernas.

—Adrián non crece porque fuma –reprocháballo con frecuencia. Moi pronto empezou a facelo, presumindo ante min e o resto de compañeiros de facer buguinas co fume cando o expulsaba cara a fóra.

A min sempre me mantivo á marxe do que el chamaba “ cousas que Brian non debe facer”. Aínda que, ao principio, me molestaba tal insinuación, terminei afacéndome a iso e aprendín a non darlle importancia cando se me permitía estar con el, xa que segundo Rui non se trataba precisamente dun exemplo a seguir.

Todo o tempo lle pertencía en exclusiva. Era todo seu.

Pasaba días enteiros sen ver a súa nai.

Traballaba ela nun supermercado toda a xornada e moitas veces non comía sequera na casa

polo que el deberíao facer a soas. O seu pai, logo da separación, foise a vivir ao outro extremo da cidade. Confesoume unha vez.

—Eu non teño pai, e nai case tampouco –sorriu burlón. Aquel sorriso facía vir á miña memoria cando pasaba horas e horas no recuncho do esquecemento.

Cústame aínda hoxe entender como a propia amargura pode facer sorrir ás persoas, pero é así.

A nosa amizade fíxose máis forte cando os dous fomos condenados a repetir o sexto curso.

Non me causou novidade ningunha e creo que el no fondo o desexaba co secreto propósito de que os seus pais se interesasen un pouco máis polas súas cousas diarias que, ao fin, nunca conseguiu.

Facíase acompañar, para o meu desgusto, de mozos e mozas maiores ca nós que o utilizaban para non sabía que escuros negocios nunha cafetería situada no centro, xusto á beira da praza Maior.

Ás veces, acompañábao e ordenábame esperalo xunto á fonte de chorros multicolores. Alí, eu era capaz de estar sentado horas e horas, se fose preciso, vendo como a auga facía piruetas no aire, desafiando sen cesar a natural gravidade.

Imaxinábame a miúdo adormecido dentro dunha das burbullas que se desfacían contra o

chan para volver acubillarme nunha máis grande e despois, noutra.

Eran moi poucos os minutos os que tardaba en regresar. As máis das veces chegaba visiblemente nervioso, alterado para que, sen mediar palabra ningunha, os dous saísemos correndo en dirección á alameda. Alí, entregaba unha bolsa de plástico de moi pequeno tamaño e, a cambio, recibía unhas cantas moedas, que logo gastabamos os dous en lambetadas ou xogando na boleira.

Para o seu desconsolo e para admiración do propietario, un home maior, as bólas que eu lanzaba sempre ou case sempre alcanzaban o obxectivo, o boneco central que por non sei que raros motivos ou efectos derrubaba todos os que, en fileiras, o escoltaban como se el fose o seu escudo protector.

—Brian non viu nada —facíame prometer cada unha das veces que compartiamos aquilo que el chamaba, ao seu xeito, unha aventura de maiores.

Non lle daba eu máis importancia a tal asunto porque tardei moito tempo en comprender de que se trataba e cal era o inconveniente daquela, segundo el, perigosa misión.

—Brian nada sabe —ás veces xuraba.

Sei cal é o motivo de alegría de Ana, desde hai semanas está máis ditosa do normal. Acompañei os meus pais ao doutor que nos mostrou, nunha pantalla semellante a un televisor, unhas fotografías do ventre da miña nai onde, ao parecer, observábase con total nitidez o corpo da que vai ser a miña irmá pequena.

As persoas maiores, ás veces, resultan complicadas en extremo.

Non as poderei entender xamais, aínda que moitas veces o intento en balde.

O rostro de Ana iluminouse dun modo especial cando o doutor, sentado comodamente sobre unha cadeira de brazos de rodas no que aparentaba ser o rei dun lendario país, pronunciou con gravidade unhas palabras que se me antollaron unha favorable sentenza que Rui recibiu cun amplo sorriso.

—Os resultados son satisfactorios e todo segue o seu proceso normal. Todo é normal –repetiu–, os seus temores eran infundados.

A que se refería aquel home escondido detrás das súas enormes lentes escuras? Que sentido tiñan aquelas baleiras palabras que pronunciou logo de mirar con calma uns folios cheos de le-

tras e de gráficas que nos ensinou, aínda sabendo que para nós, polo menos para min, carecían de sentido?

Non debeu producir a mesma sensación nos meus pais que pareceron respirar aliviados ao mesmo tempo que se apertaban a man emocionados.

Despois volvéronse cara a min con rostro de satisfacción.

—Vas ter unha irmá, Brian –iso foi todo canto me explicaron. Polo visto aquelas misteriosas probas revelaban que a normalidade quedaba restablecida... non se trataría dunha nova carga para eles.

A expresión das súas miradas cómplices indícoume ás claras que se trataba das palabras que sempre desexaron escoitar.

—Brian non quere irmá! –rebeleime, máis froito dunha súbita angustia que me invadiu que do que eu puidese sentir.

Era aquela maldita palabra a que me producía tal desacougo, por non chamarlle ira, expresión que nunca resultou do meu agrado.

Por máis dicionarios que consultara, a conclusión final era sempre a mesma, igual que se unha terrible condena axexase en calquera esquina, detrás dunha árbore, dunha fonte, ao cabo dunha rúa escura da miña cidade.

Normal: que se axusta sen excepción ás normas preestablecidas.

Cando volvo ler o diario atopo novos matices nas palabras e nas expresións nel debuxadas.

Eu non debía axustarme moito, a pesar de que diante de min tal combinación de letras fose un tabú, coma se estivese prohibida por unha natural lei de supervivencia ou, peor aínda, de cortesía.

Ninguén ousaba pronunciala en voz alta.

Aínda que o meu comportamento cambiou con brusquidade desde aquel día, non durou moitas semanas... as necesarias para que todo na miña vida retornase á “normalidade”.

Decateime de que a compañía dunha intrusa no noso fogar resultaba de todo próxima, a medida que o corpo de Ana cambiaba de día en día e o seu ventre, a miña primeira morada, se volvía cada vez máis pronunciado e avultado.

Comprobei, ao mesmo tempo con gran satisfacción, que o trato para comigo non variou nada. Ao contrario, creo que se volveu aínda máis afable do que case sempre fora.

Nati explicoulle a miña nai que os celos eran unha lóxica e sa consecuencia de tal situación e que deberían comprender a miña preocupación de sentirme desprazado.

Tratábase de algo natural e comprensible.

Non me quedaría outra alternativa máis que resignarme ao que puidese sobrevivir, aínda que unha cousa tiña moi clara.

—Brian xamais coidará da súa irmá –sorprendín a nai un día calquera á saída do despacho do gordo doutor nunha das súas frecuentes consultas.

Nada me respondeu. Inclínouse e abrazoume como tantas veces fixera.

—Brian está moi contento de ter unha nai como Ana –agradecinlle. Sorriu de novo.

Todo iso non foi suficiente para que eu non tomase en soños, xa esperto, xa durmido, centos de brutais accións de vinganza para con aquela criatura que ameazaba relevarme no corazón de Ana e Rui.

Rui, a pesar do seu aspecto serio a maioría das veces, deixaba que os seus ollos o delatasen adquirindo un brillo especial cando por algunha razón se emocionaba. Poucas cousas existen aínda agora capaces de facerlle perder os estribos.

Polo seu gran tamaño e corpulencia, resultábame difícil imaxinalo no seu traballo, nunha das mellores carpinterías dun polígono da cidade. Nunca lle gustou que lle chamasen carpinteiro, aínda que tiña que recoñecer que, no fondo,



o era. Ebanista, definía mellor o oficio, segundo el. Aprendeuno de moi neno.

As súas mans grosas eran capaces de modelar calquera superficie por rugosa que fose ata convertela en belos obxectos de decoración, en meticulosos remates para armarios ou en cabezais artísticos para as camas que algunha xente, a de máis diñeiro, encargaban ao seu xefe.

—As máquinas van acabar coa nosa arte —lamentábase ás veces cando na aldea tallaba esculturas en calquera madeira que se lle puxese diante ou tivese unha forma que lle inspirase unha imaxe. O patio da casa dos avós parecía máis un museo que o que realmente era. As esculturas de Rui estaban colocadas por todos os recunchos, algunhas delas amontoadas e sen acabar, por falta de tempo. As fins de semana na montaña semellaban non chegarlle a nada.

Aínda que avó comentaba que eu herdara as súas mans nunca tiven interese por coller o martelo, as cuñas, o cepillo ou a espátula. O meu era armar e desarmar os coches, motos de xoguete ou bicicletas.

Cada vez que regresaba, case á noitiña, como un ritual sentaba á beira de Ana e con tenrura colocaba a súa man no ventre, xusto encima do lugar onde eu estivera e que entón ocupaba “ela”.

Eu esperaba pacientemente, mirando de esguello, a que me chamasen. O de pacientemente era un autoengano xa que o que me invadía era precisamente o contrario.

Ás veces, Mari achegábase despois de comer á nosa casa para tomar café con Ana. Adoitaban falar de moitas cousas sen importancia seguramente para desviar o tema que a ambas as dúas preocupaba desde que Melisa, en contra da súa vontade, ingresara nun hospital da gran cidade que dá nome á nosa provincia. Por aquel entón, levaba xa tres ou catro meses en repouso e sempre baixo a estreita vixilancia dalgunha enfermeira.

Segundo Mari, que acudía a visitala unha vez por semana, o que lle estaba permitido, seguiría alí mentres non se recuperase fisicamente. Despois ingresaría, ao parecer, nun antigo convento ou colexio de relixiosas onde continuaría co tratamento oportuno para curar a súa terrible enfermidade, que así escoitei que a denominaban cando falaban dela.

Alegroume moito que unha daquelas tardes Mari trouxese un sobre pechado co meu nome no dorso.

Era para min!

Abrino con rapidez como se o tempo se fose esgotar nuns segundos, como se tivese temor a

que aquel papel se evaporase ou desaparecese como as nubes do verán, os cúmulos ou os nimbos que, se os miras con atención, vanse afastando e facendo transparentes ata perdérense no espazo baleiro, nun imaxinario lugar onde reina o nada, o que non é.

Treméronme as mans cando collín a folla verdoxa que a miña amiga me enviou a min e só a min.

Ninguén saberá xamais o que me confesa.

*Brian, bótote de menos, aínda que nos últimos tempos non soportase a túa presenza e as insistentes preguntas para as que non tiña resposta. Tampouco a teño agora aínda que, se quero saír desta prisión, hei obedecer e facer todo canto me obrigan, en contra da miña vontade. Queren que me vexa con outros ollos que non son os meus. En realidade, o que desexan é que o faga a través dos seus e iso non podo, aínda que, segundo eles, os doutores, van conseguilo, que para iso teñen tempo e coñecementos. Iso din. Debo, polo visto, confiar neles. Aquí, uns e outros cren que o saben todo. Mal poden imaxinar que os meus propósitos son moi diferentes!
O único que desexo é acabar dunha vez con esta situación, que pasen os meses precisos para*

*liscar e, cando estea de volta na casa, atoparme
de novo comigo mesma.*

Quérete, a túa amiga Melisa.

Canto desexaba as súas palabras!
Non entendo gran cousa do que na misiva
desexa explicarme. De boa gana ensinaría
estas follas a Nati. Ela explicaríaño
encantada pero, se o sobre viña pechado ao
meu nome, está claro que non deberá lelo
ninguén máis.

Ademais, de que serviría? Non podo volver
traizoar a súa confianza e non o farei por
nada do mundo.

O que se comprende á perfección son as
súas últimas palabras: quéreme.

Por que os adultos crerán que o amor é algo
exclusivo dos maiores?

Pódese querer con máis intensidade do que
os nenos ou adolescentes, como definen os li-
bros a nosa idade, podemos facer?

Un día, díxome o meu avó que cando se fai
unha pregunta case sempre coñecemos en boa
parte a resposta?

—Brian quere visitar a Melisa –case roguei
unha daquelas tardes de sobremesa con Mari.

—Non vai ser posible polo momento e ben que o sinto. Seguro que ela estaría encantada de pasar a soas un momento co seu mellor amigo –a resposta non deixaba lugar a dúbidas. Eu coñecía antes de tela escoitado. Avó tiña como sempre razón.

Non podería ser doutro xeito.

Unha das cousas que máis me incomodan é que os maiores case sempre teñan razón, o que para nós é motivo de rebeldía e de desasosego.

VI

Corre Brian, corre! –Adrián gritaba desesperado a última vez que o vin.

Achegábase o meu dezaseis aniversario.

Como tantas veces, fomos á praza Maior da cidade e esperábao sentado xunto á fonte, pero algo me fixo sospeitar que todo aquela tarde sería diferente. En metade da rúa, detívose un auto verde, deses que aos de pouca idade nos poñen tanto respecto. Tiña varios focos azulados ace-



sos. Aparentemente, nada sucedía pero as miñas sospeitas eran fundadas. Sóbeno no mesmo momento en que no alto das escaleiras da praza observei como tres gardas, dos que dirixen con frecuencia o tráfico nos semáforos parando e mandando pasar os autos para que non haxa altercados, se apostaron separados cubrindo a escaleira.

De seguido, detívose outro vehículo máis, este de cor verdosa, do que saíron dous gardas civís deixando as portas abertas.

Naquel preciso instante, Adrián camiñaba cara a min coma sempre, coa súa pequena bolsa de plástico, de calquera supermercado, na man. Gardouna no peto mentres me sorría.

—Vamos, Brian –indicoume.

Aínda non tivera tempo case de chegar á miña altura cando se decatou da grave situación na que estaba metido. Antes de que os municipais o collesen botou man ao peto e entregoume a bolsa.

Nun acto reflexo botei a correr aproveitando que eles o agarraran.

Dun brinco crucei a rúa.

Non mirei sequera para os lados. Podería un coche terme atropelado pero só podía facer unha cousa: fuxir, facer o que me pedía a berros.

—Corre Brian, corre! –aos poucos deixei de escoitalo.

Atravesei varios rueiros ata alcanzar as inmediacións da alameda, que era o destino final da bolsa maldita e o que nela se agochase.

Comprendino todo ou case todo cando comprobei que os mozos de sempre fuxían e que xusto enfronte miña estaba de novo detido o auto de cor verde.

Non era Adrián, nin eu mesmo, era a bolsa de pequeno tamaño o que buscaban.

Nada puideren facer. Senteime case sen alento no bordo da beirarrúa.

—O meu amigo non fixo nada –intentei explicarlles. O medo desaparecera por completo.

—Dános iso e vente connosco –foi o único que recordo daqueles instantes.

—É meu –murmurei—. É de Brian... Adrián nada sabe. É para min.

Non me creron. Tomaron a bolsa que gardaron noutra maior e transparente, e obrigáronme a acompañalos.

Sorprendeume que para iso colocaran unhas luvas brancas.

Supoño que debería ter tapado a cara pero non o fixen. Nada sabía do que podería ocorrer pero non sentín temor por min.

Si que comecei a tremer cando entramos no cuartel e vin o meu amigo con bágoas nos ollos.

—El non sabe nada. O Chinés non ten nada que ver. A culpa é soamente miña.

—Non é verdade! –gritei–. É miña! –dirixíame aos gardas que nos miraban sen dicir nada mentres un deles collía o aparello de teléfono e nos pedía os números aos que deberían chamar.

Todo ocorreu con máis présa da desexada.

Non tivemos tempo sequera para dicirnos nada. Metéronnos en habitacións separadas. Suxuxen que para que non argallásemos mentira ningunha. Con todo, aínda puiden escoitar desde a porta como o meu amigo me fixo unha última petición.

—Dilles a verdade, Brian. Céntalles o que realmente pasou!

—Que verdade? –gritei aínda que tiven a sospeita de que xa non tivo tempo de escoitarme.

A verdade? –dubidei coa sospeita de que nin eu mesmo a coñecía!

—A bolsa era de Brian –repetín unha e outra vez ante os gardas que me preguntaban a cada pouco. O mesmo fixen ante Rui en canto apareceu na porta da habitación con aspecto serio e preocupado.

—Que pasou fillo?

—A bolsa era de Brian. Síntoo pai –repetín teimudo.

Fixéronlle unha chea de preguntas ás que respondeu con calma, pero desconfiando. En realidade, non acertaba a crer nada do que estaba pasando. Cando menos, iso deducín ao ver os continuos movementos de cabeza cara a ambos os dous lados, cara á dereita e cara á esquerda.

Logo de varias horas –ou iso me pareceu xa que pola fiestra entraba furtiva a luz dalgunha que outra farola próxima e o reflexo das follas que a brisa movía tras o cristal– achegouse un dos gardas, púxome a man no ombreiro con forza antes de dicirlle ao meu pai que podíamos irnos logo de asinar Rui varios papeis.

—Adrián pode estar orgulloso de que Brian sexa o seu amigo –aquela frase recordoume unha situación semellante pero igual de penosa–. Non pode despedirse de ti e pedirme que eu mesmo o faga no seu nome.

—Os amigos de Brian todos se van –creo que non puiden conter o pranto por máis que o intentei.

Non se me permitiu por máis que repetín.

—Brian quere ver ao seu amigo.

Na casa, xa de volta, diante de min non se falou máis do que ocorrera, aínda que Ana non puido disimular que estivera chorando abundantemente.

—Brian sênteo –abracéilleme ao colo. Puiden notar como a pequena Marta, no seu agocho, golpeaba con forza as miñas fazulas. Ata ti ven a impresión de que me sorría. Tiven o sentimento de que tiña ganas xa de coñecerme.

Non tardou en facelo.

Non se fixo esperar moito e a principios do outono armouse o normal balbordo, como en cada familia, unha medianoite na que Ana empezou a sentir fortes dores. Espertáronme a fume de carozo para dicirme que o meu avó estaba baixando da aldea no seu vello auto e me levaría con eles ata que todo aquel alboroto finalizase.

—Cóidate, Brian –despediume Ana entre fortes dores, suando por todas partes. Debía estar sufrindo moito.

—Brian non quere ver a súa nai así –dixen ao avó cando observei como o coche de Rui se afastaba con rapidez pola avenida principal en dirección ao hospital.

—Non te preocupes –consoloume–, sempre sucede do mesmo xeito. Pronto pasará e mañá, se todo vai ben, seremos un máis na familia.

Un súbito e desagradable calafrío percorreu o meu corpo.

Chegara o momento de comprobar se eu quedaría relegado ou non a un segundo lugar ou se,

pola contra, como todos se empeñaron en explicarme, tal como parecían sentir, nada cambiaría respecto da miña situación.

Agora prodúcame un sorriso o estado de tristeza no que fun, sen querelo, caendo por máis que todos intentaban animarme ao decatarse da miña preocupación no preciso momento no que me levaron a coñecer a Marta, logo do seu nacemento.

Unha vez máis viñeron ao meu pensamento aquelas imaxes do meu e de Melisa.

Todo estaba posuído por unha crecente emoción, moi diferente aos rostros de tristeza dos meus primeiros días fóra do cómodo acubillo no ventre de nai. Non puideron evitar o estado de culpabilidade que me asaltou.

Por máis que me propuxen en multitude de ocasións evitar ese sentimento, non me resultou fácil nunca. Ser diferente a case todos os demais non é culpa miña, nin de ninguén máis... excepto da natureza que, cos seus repentinos caprichos, nos fai a uns dunha forma e a outros doutra, coma se posuíse entre as súas mans, infinitas e diferentes molduras e modelos.

Aínda non podía distinguir ben as súas faccións durante os primeiros días, pero debía ser moi bonita e ben feita porque a miña avoa non



puido evitar unha exclamación chea de espontaneidade que provocou a hilaridade de todos os presentes.

—É unha pavía –exclamou.

—Pero se esta nena é igual ca un saboroso pexego –mentres cos seus dedos engurrados percorría o rostro da miña irmá, con extrema suavidade e lentitude, como se Marta correse o perigo de desfacerse entre eles.

Logo, dirixiuse a min coma se houbera unha intención ou unha orde oculta e misteriosa de que no momento no que algo agradable dela pronunciase, tivesen a continuación que facer algo semellante comigo.

—E ti, o noso Brian, es un... –non puiden deixala rematar.

Corteina con brusquidade, aínda que despois lle pedise perdón, abrazándome a ela. Sabía que me quería e non tiña dereito a tratala así.

—Brian é un coio do regueiro –concluíñ.

Naquel intre, sentíame moi doído e non tiña motivos que xustificasen tal actitude.

Ana enseguida tomou a miña man e a súa calor tranquilizoume.

Non sei quen escolle realmente os nomes dos recentemente nados pero si que acertan nunha gran porcentaxe de casos.

Entroume a curiosidade. Pola noite, senteime fronte ao computador e con paciencia busquei aqueles que máis me interesan.

Marta: é a fragilidade.

Melisa: ten que ver co mel de abella, desde o antigo Olimpo.

Ana: o amor, o optimismo, a forza.

Nati: a triunfadora e a forte.

Brian: polo visto ten o meu nome orixe céltica e, como non posúe case ningún dos anteriores atributos, débese de maneira total a un: a nobreza.

Gustoume moito a miña definición. Encaixaba totalmente coa idea de min mesmo que me fixera. En Sudamérica non ten con exactitude o mesmo significado. Eu quedo, sen dubidalo, con ser nobre de carácter.

Non podía deixar de buscar tamén o do meu amigo. Fai referencia ao Adriático: amigo do mar.

A el vénlle como anel ao dedo xa que se mergullou nel moitas veces. Deixouse levar polas ondas da soidade e a indiferenza sen un salvavidas ao que botar man ou unha illa na que repousar.

Acórdome moito del.

Comezaron coma sempre as clases.

A miña entrada no instituto non resultou esperanzadora aínda que Toño, o vello profesor de mecánica, non cesaba de animarme nin de facer uso continuamente da súa inesgotable paciencia.

Os primeiros días foron especialmente difíciles: sentíame só, entre mozos e mozas que me miraban dun xeito estraño, con curiosidade. O que case tiña esquecido volvía, unha e outra vez, roldar no interior da miña cabeza.

Arturo e os demais acabarían o Bacharelato aquel ano e logo marcharían á Universidade.

Os meus amigos do pasado curso estaban nunhas modernas aulas no outro extremo do edificio. Aínda que quixese coarme como de pequeno na súa fila e esconderme non podería ser porque alí non se facían ringleiras. Ademais, xa non eramos pequenos. Por enriba, os recreos e as horas libres nunca coincidían.

Polas tardes, cada un andaba ás súas cousas e, aínda para máis, nin Melisa nin Adrián podían alegrarme coa súa compañía.

A única solución que atopei a aquel molesto sentimento que se chama a soidade foi fuxir dela do único xeito que coñecía. Saín ao patio, crucei a porta do enreixado e dirixinme ao parque sen pensar nas consecuencias.

—Necesito correr! Correr... fuxir de min e dos demais.

Cantas cousas che debo, meu diario!
Sempre estás disposto a escoitarme sen
poñer obxección ningunha.
Tés verdadeira paciencia comigo.
Cúbroche de borróns as túas follas e non
protestas.
Fágoche falcatruadas; ás veces arrín-coche
anacos ou páxinas enteiras e nada me
reprochas.
Cando algunha vez te humedezo cunha
bágoa ata parece que me sorrís.

Fuxín e, por suposto, corrín.
Fíxeno ata a extenuación.

Polo que despois me contou, Toño tomou a decisión de non avisar a miña nai polo que lle dei as grazas en canto o souben. Preocuparíase en exceso. O mesmo pasaría con Rui.

Criarase o vello mestre na aldea dos meus avós xa que alí nacera. Maior có meu pai, uns poucos anos, eran con todo bos amigos. Aparentaba algúns anos máis porque lle quedaban escasas pegadas do pelo que de seguro tivese algún día. O seu aspecto desamañado e o particu-

lar modo, de camiñar repousado... sempre a modo, tampouco lle axudaban moito. Daban pola montaña longos paseos falando das cousas de antes, unha acentuada teima en todos os adultos e os anciáns.

A palabra “antes” para eles sempre é mellor.

Podo entendelo xa que a min me pasa de cando en vez. É, sen dúbida, a señardade do que xa non se ten... do que foi e non volverá.

Aquela mañá cando me cansei, xa sen forzas, recapacitei e volvín ao Instituto completamente relaxado e co ánimo recobrado.

Por que cando o corpo perde as súas forzas
é a mente quen toma o mando?
Fuxir vén sendo un paso adiante ou máis
ben cara atrás? Cando escapamos de nós
mesmos, onde está o remate?

Preguntei ao meu diario aquela noite.

Talvez esa e non outra sexa a razón pola que moita xente de calquera idade, sexo e condición practica tanto deporte polas pistas das aforas da miña cidade e de todas as cidades do mundo, segundo escoitei.

—Será que foxen da súa idade ou máis ben é porque queren alcanzar a frescura da súa mente,

a miúdo ocupada en cousas superfluas e sen importancia... baleiras.

Unha vez máis, o diario non me respondeu.

Toño esperaba na porta mentres algúns dos alumnos maiores saíran por se me atopaban.

—Pero home, Brian... –foi o único reproche que escoitei dos seus beizos—. Como fas isto?

Nada máis dixo.

A palabra “pero” na súa boca era unha rifa en toda regra. Significábao todo: a decepción, a impotencia e o enfado que nunca translucía cara a fóra.

—Brian está ben e non volverá facelo –intentei que sorrise. Logreino aínda que tivo que esforzarse para facelo.

Intuíno... sóubeno. Sempre tiveron unha especial carencia por ver o sorriso de todos cantos me rodeaban. Unha vez lera que tal xesto é a distancia máis curta entre dúas persoas. Non o entendera daquela. Agora si.

No entanto, si que houbo máis reproches e máis fortes no despacho da directora... máis ofensivos se cabe pero non me doeron o máis mínimo. Xa sabía de abondo ata que punto chegaba a súa insensibilidade.

—Brian rógalle que Ana non o saiba –supliqueille a aquela muller que sempre escondía os seus ollos, tras unhas grosas lentes escuras.

Non sei se o comunicou á miña familia ou deixou de facelo. Se vise os seus ollos saberíao con certeza. De todas maneiras, pasados uns días, Toño comentaríallo a Rui.

O estraño é que non me castigaron. Suporía un duro golpe xa que as miradas dos compañeiros resultarían ferintes. Aqueles estudantes non tiñan a inocencia de cando usaban o mandilón verde, o vermello ou o amarelo.

Sendo máis pequeno teríalle dado máis importancia.

Naquel momento, coñecía ben o verdadeiro significado do verbo compadecer e non era precisamente ese sentimento o que desexaba que tivesen cara a min. As súas actitudes espontáneas foron máis ben de pena, dun “que se lle vai facer,” que aínda que non o expresasen en alta voz delataríalles a forma de mirarme ou simplemente de pasar de longo coma se non estivese alí.

Moitas veces escoitei como Nati lle comentaba á miña nai.

—Os nenos moitas veces poden ser moi crueis.

A min tal afirmación non me serviu xamais de consolo. Ás veces, eu mesmo funo e diso debo arrepentirme.

—Por que razón cando unha persoa maior que nos ama, no verdadeiro sentido da palabra, deixa

de estar na nosa contorna por diversas circunstancias da vida, sempre xorde outra que a substitúe?

Ese é o meu caso.

Nati comeza, ao meu pesar, a estar lonxe aínda que o seu centro de traballo está aí á beira, a tiro de pedra. No entanto, descubríñ que Toño é moi parecido a ela. Sen a súa dozura, sen os seus arrebatos de ira, sen os seus abrazos cariñosos pero si que podo contar con el en todo momento e iso é todo canto podería pedir.

A sorte sorríume para axudarme a superar aquela soidade na que estaba sumido. Como se se puxeran de acordo, antes das vacacións de Nadal, recibín unha nova carta de Adrián e outra de Melisa.

Nada, nada era mellor terapia para min e para os molestos celos que aínda que nada dixese a ninguén, me corroían por dentro. Agora doume perfecta conta de que eran infundados pero, por aquel entón, non fun capaz de velo coa mesma claridade que agora o contemplo.

Querido Brian, meu amigo, compañeiro:

Non recordo se cho dixen antes pero é o mesmo.

Aínda que atopei unha verdadeira familia que

me ensinou a valorar todo aquilo que posúo

e que merece a pena, sigo pensando na miña

casa e nas rúas da nosa cidade.

En canto cumpra os dezaioito anos deixaranme libre. Non sei se o desexo ou non. Doe dicir isto pero é así. Progresei nos meus estudos e sacarei con certa facilidade, polo menos iso creo, o graduado. Despois descoñezo que pasará. Cando iso ocorra, a miña nai recibirame cos brazos abertos e todo será diferente. Prometeumo.

Eu créoa, non así ao meu pai que polo visto atopou unha nova familia. Moitas cousas podería reprocharlle e aínda así non o faría xa que me resulta, ao meu pesar, un verdadeiro descoñecido.

*Bótote moito de menos, Chinés.
O teu amigo, Adrián.*

A misiva de Melisa era máis extensa e a xulgar polos trazos da súa letra atopábase mellor, máis animada, a piques de alzar a cabeza e emerxer das turbias augas nas que se bañara durante demasiados meses:

*Meu inesquecible Brian:
Cada noite, antes de durmir, penso en ti ata quedar nos brazos de Morfeo.
Na distancia consólasme, dásmo ánimos e fas máis fácil todo este tormento que aquí dentro*

estou pasando. É necesario a pesar de que non o entenda. É duro e, con todo, hai semanas que empecei a asumilo. O meu desexo é que isto acabe dunha vez para sempre.

Ti es a primeira persoa á que lle fago tal confesión: estou decidida a superar o meu problema, como sexa... que aínda non o sei. Dentro dun ano máis ou menos abandonarei, se todo vai ben tal como espero, estes fríos muros e esta férrea disciplina á que me someten.

Será duro atoparme comigo mesma fóra de aquí, máis do que poida imaxinar pero deberei intentalo.

Sei, para iso, que poderei contar coa túa compañía, coas túas frases amables, co reproche dos teus ollos cando algo non che gusta e, como non, coa forza que me transmiten as túas mans cando con temor alcanzabas as miñas.

Sorrío ao recordar, de máis pequenos, como un día me confesaches, vermello como unha fresa, que eras diferente aos demais e iso púñate triste. Era certo. Es e seguramente seguirás séndoo toda a túa vida pero niso está o teu encanto e o teu inigualable valor.

Non intentes cambiar nada teu.

En realidade, os distintos, os inconformes somos quen te rodeamos. Buscamos sen cesar camiños que non conducen a ningunha parte agás ao abismo. Pero no fondo non nos damos conta que o mellor, non o máis fácil tampouco, é facelo en liña recta como parece facelo ti no momento en que os teus pés emprenden unha veloz e interminable carreira, fuxindo de algo descoñecido.

Teño moitas ganas de verte. Sei que non resultará fácil xa que aínda non me está permitido recibir visitas das antigas amizades. Só a miña nai ten acceso a este lugar, moi de cando en vez. Iso xa o sabes.

Reservo para ti un bico moi especial que ninguén máis poderá saborear nunca. Ese é para ti e nunca poderá haber outro igual, polo menos para a túa amiga.

Quererate sempre... Melisa.

Hei de recoñecer que a carta, a máis de producirme unha enorme alegría, sei que me descen-
trou durante algunhas semanas. Alguén dixo,
non sei quen pero si que o lin en algures, que a
distancia é como o vento: fai apagar o lume can-
do é moi pequeno pero aviva aínda máis o que xa
de seu é grande.

Toño volveu recriminarme. Case un ano e medio levo na aula-taller e pódeme a miña impaciencia. Non sei que foi da calma e o autodominio que conseguira con moito esforzo.

Non atopaba a solución para un pequeno problema práctico no motor que se me asignou cando entrei no instituto. Se utilizase a lóxica, arranxaríao.

Venceume o afán por acabar antes cós meus compañeiros e desesperado comecei a arrincar cables, parafusos, abrazadeiras, módulos... Todo quedou reducido a unha morea de chatarra.

Non me botei a correr como o corpo me indicaba. Esta vez puido máis o sentido e permanecín de pé, fronte ao caos que o meu malhumor produciu.

—Pero, Brian, que fixeches? —non podería suceder doutro xeito e asumino sen pronunciar palabra de obxección ningunha.

Terei que empezar de novo.

Son consciente de que perdín semanas de traballo aínda que tamén o son de que a culpa non foi de ninguén máis.

Trátase, segundo Rui, dunha lección máis da vida que debo aprender e que non podoo permitir

deixala caer no esquecemento. Segundo Toño, nada do que nos ocorra a diario debemos esquecer.

—Do que se esquece non se aprende –repítenos a miúdo.

Con seguridade ten razón. Sempre a ten!

VII

Que son en realidade os celos?

Non o sei nin podo imaxinalo sequer.

Estarán relacionados coa envexa?

Tampouco podo responder a esa pregunta
nin atopei a ninguén que poida facelo dun
modo convincente.

Será talvez que ese malévolos sentimento
nos molesta cando para as persoas
queridas deixamos de ser o seu centro, o
punto sobre o que cremos que debería virar
todo.

Marta é algo moi especial para min, aínda
que son consciente de que procuran non
deixala a soas comigo por se puidese
facerlle algún tipo de dano.


Dá o mesmo. Xa se convencerán de que sería
incapaz de tal cousa.

Cando releo o meu maltreito diario doume conta
de que o seu primeiro ano de vida foi un suplicio
para min. Hei de recoñecelo. Sentíame relegado a
un segundo plano. Todo eran encomios ás ridícu-
las reaccións que tiña ante calquera estímulo.

Ás veces, ata crin que non sería capaz de soportalo sen rebelarme, aínda que non sabía como.

Menos mal que aquilo non durou moitos meses!

A situación foi cambiando a medida que ela creceu: era capaz de manterse sentada, de apertar os meus dedos dun xeito moi especial. Buscábame coa mirada en todo momento e iso facíame sentir ben.



Estableceuse unha estraña relación de complicidade fronte ao mundo adulto.

Serviume de lección o que pasou unha mañá no parque, xunto ao río da cidade.

Como tantas veces ocorre, un deses detalles que adoitan pasar desapercibidos á xente maior, supuxo un xiro de noventa graos, esa estúpida expresión fabricada á medida dos nosos maiores.

Cumprira eu os dezasete anos. Marta daba os seus primeiros pasos graciosos sen agarrarse a nada. Non caía como semanas atrás.

Unha anciá observaba perplexa como eu a sostiña para que non caese de morros ao chan e se fixese dano. Era ese o seu xeito favorito de facelo.

Sen dúbida, o culpable sería eu por non atendela con entrega e agarimo mentres Ana entraba ao supermercado, coa intención de comprar algunhas lambetadas para nós.

Poucas veces ocorría tal cousa pois explicábanos decote que as cousas moi doces non eran boas para a saúde. Ademais, adoitaban estar moi apalpadadas por nenos e nenas que entraban a comprar, que todo o tocaban e desordenaban.

A anciá fixo ademán de levantarse do banco no que parecía descansar, apoiouse fortemente nun bastón branco e achegouse a nós coxeando, con certa dificultade.

—Non será a súa filla, mozo? –sorriu.

—A miña filla? –altereime—. Brian nunca terá fillos nin é un mozo!

—E iso? –respondeu sen facer caso do meu súbito arrebatado de ira mal contida.

—Brian é un neno e aínda que non o fose non podería ser pai –o meu enfado aumentaba non tanto polo que sen dúbida pretendía expresar senón porque naquel momento sentíame verdadeiramente ofendido.

—Cousas de vella –volveu sorrir–, non me fagas caso –intentou desculpase, o que fixo cambiar de súbito o meu repentino estado de axitación.

Creo que tivo a intención de dar media volta e buscar de novo o cómodo apoio do seu banco. Antes dirixiuse a min sen apartar do seu rostro aquel sincero xesto dos seus beizos.

—É que sodes practicamente iguais.

—Iguais? –invadiume a curiosidade—. Iso non podería ser, señora –acouguei–, vostede non ve ben.

Por un momento, tentado estiven a recomendarlle que se fixese revisar a vista nalgún dos especialistas do hospital, aínda que, ao meu entender, pouco deberían saber de ollos xa que todos levaban lentes.

—Si que o fago, rapaz. Vexo moi ben –repetiu–. Os mesmos ollos, a mesma expresión, a mesma cara, o pelo...

—Non pode ser –porfieí–. Ninguén pode parecerse a Brian. Grazas de todas as maneiras.

Tiven a impresión de que ela nos vía tal e como dicía, non mentía. Os anciáns nunca o fan adrede, polo menos iso creo.

—Aínda que non queiras recoñecelo sodes case idénticos.

Non sei cal foi o motivo pero un impulso repentino fíxome acompañala agarrándoa con forza por un brazo ata que alcanzou o banco. Sen pensalo, deille un bico na fazula que me agradeceu, sorrindo unha vez máis.

—Como te chamas mozo? –insistiu.

—O meu nome é Brian, Brian, o Chinés.

Riu a gargalladas polo que debín esperar uns instantes antes de continuar.

—Brian non pode parecerse á súa irmá porque é diferente –aclareille como ben souben.

—Diferente? –volveu rir aínda que aquela segunda vez a punto estiven de rebelarme de novo.

—As diferenzas están aquí –sinalou achegando a súa man dereita ao lugar que ocupa, segundo din, o noso corazón.

Marta decidiu que desexaba sentar tamén. Axudeille a subir ao banco de madeira e púxena no medio. Imiteinas e sentei.

Aquela muller empezou a falar sen parar.

Revelounos que vivía nun apartamento, moi preto; que á súa casa acudía todas as mañás, unha muller para facerlle a limpeza e a comida porque ela non podía valerse apenas por si mesma; que solicitara unha habitación nunha residencia da terceira idade como adoitan chamarlle os adultos; que os fillos estábanlle moi lonxe e que apenas coñecía aos seus netos; que unha



das peores cousas que poderían acontecerlle ás persoas era a soidade; que...

—“Tino” é o meu irmán –balbuciu Marta. Era a súa sinxela e particular forma de chamarme Chinés.

A moi lercha coñecía a perfección como chegar aos puntos máis débiles da miña alma. Sabía, ou iso desconfiaba eu, deixarme sen defensas e sen armadura. Aprendera antes a chamar por min que polo seu pai e a súa nai. Coñecía a moi maldita como conquistarme e diso facía uso cando lle viña en gana.

A anciá dirixiuse a ela, supoño que coa convicción interna de que a entendería.

—Marta ten sorte de ter un irmán como Brian. Debes sentirte orgullosa por iso.

—Irmán “Tino” –repetiu Marta.

Achegouse Ana e tomou asento xunto a nós.

—Moléstana señora? –preguntou á anciá.

—Moito –sorriu con picardía–, ten vostede uns fillos maravillosos –sentenciou chiscando un ollo cara a min.

Non tardei moito en volver vela naquel banco. En realidade, facíao a diario mentres non cambiou o tempo e comezou a época das choivas intensas e o frío.

O parque quedou totalmente baleiro nunhas semanas. Xa ninguén se achegaba por alí a non

ser algún atardecer no que o sol se atrevía a brillar con timidez.

Soubemos que lle asignaran, ao fin, un cómodo cuarto nunha residencia onde pasaría os últimos anos da súa vida.

Supliqueille a Ana que nos levase a visitala e fixémoslo en máis dunha ocasión.

A última vez que a vimos, tivera visita dos seus fillos e o cuarto estaba repleto de fotografías dos netos e netas. Pasaba horas e máis horas contemplándoas e falando con eles; sen dúbida, contándolles todo aquilo que lle gustaría facer na realidade.

Polo visto, segue alí aínda que o máis probable é que non se acorde sequera de min.

Enfermara con non sei que mal da memoria, moi frecuente nas persoas da súa idade. Iso é o que oín comentar a unha veciña nosa que tamén frecuentaba o parque.

Que son eu?

Un neno xa non. Tampouco un mozo como me definiu Clara, a entrañable anciá do parque.

Un adolescente talvez?

Seguramente iso é o correcto. Tampouco teño a ninguén a quen expor estas dúbidas.

Se un día teño o valor suficiente,
achegareime á casa de Nati e formulareille
cantas preguntas me inquietan.

Máis dunha vez ocorreume que os meus compañeiros comentaban en voz baixa o que lles pasaba cando falaban con algunha das mozas do instituto.

Eu escoitaba atentamente sen atreverme a pronunciar nin unha soa palabra. De telo feito, provocaría a súa hilaridade e non quería pasar pola humillación que para min supuxese.

A miúdo simulaba estar ausente aínda que a miña verdadeira intención fose non perder o máis mínimo detalle.

Non sei se esa teima de escoitar á vez dúas ou tres conversacións ao mesmo tempo é, en realidade, unha virtude ou un gran defecto. O certo é que o facía e aínda sigo aproveitándome diso. Estou convencido de que moi poucas persoas posuímos ese prezado don, se así pode chamárselle.

Sexa como fose o mesmo me dá. Aprendín moitas cousas con iso. Tiven a posibilidade de diferenciar o sincero e o falso.

Algunhas xentes non din o mesmo fronte a outras cando están diante delas, do que dirían se quen os escoita non está presente. Iso ten un nome, a mentira, a falsidade e a hipocrisía.

Hoxe abundan en exceso, máis que as malas herbas como di a miúdo avó cando na horta as arrinca unha a unha cunha exasperante paciencia.

—Como quede só unha raíz é suficiente para que broten máis e máis –intenta explicarme.

Os demais que acoden á aula taller falan continuamente das mozas. Ás veces, quedan con elas na sala de xogos fronte ao instituto e a máis de un sorprendín en actitude moi cariñosa.

Acompañeiros por expresa invitación deles durante algún recreo. Deixei de facelo pois, ás veces, tiña a sensación de ser un estorbo, acantonado no desgastado sofá da entrada.

O que nunca notara nos meus amigos e amigas ocorreume entón. Eles cambiaban cando diante había mozas, coma se tivesen algo que demostrarlles, presumindo sen cesar, pronunciando palabras, frases de todo punto incongruentes e sen sentido algún.

Non é que me molestase para nada a súa actitude, era a indiferenza que me rodeaba naqueles momentos, o silencio cando me achegaba. Poucas veces me doeu como entón a miña palpable diferenza ou como se chame.

Se eles se alteraban cando elas lles sorrían, eu tamén.

Se un calafrío os percorría de xeito total cando se lles achegaban... a min tamén.

Se cando lles chiscaban un ollo con disimulo viraban vermellos como unha brasa... eu tamén.

Se pola noite soñaban coa dama dos seus soños e rescatábana de terribles perigos, a piques de perder a vida... eu tamén.

A dama a piques de perecer era sempre e inevitablemente Melisa. Non podería ser ninguén máis.

Ás veces, comentaban con orgullo que todo o seu corpo se estremecía de desexo cando estaban preto dunha delas... o meu tamén e desde facía moito tempo antes.

Conseguiu Toño que non me dominasen os impulsos de destruílo todo cando algo non saía ben o que, en honra á verdade, non adoitaba ocorrer moitas veces.

—É un alumno moi aplicado, meticoloso, constante e moi perfeccionista en todo o que empeza –confesou unha tarde a Ana á saída das clases. Polo que souben, quedaran citados para falar dos meus progresos e sobre o meu comportamento no centro.

Fixérono longamente mentres eu corríaba con Marta polo patio, con coidado de que non cruzase a cancela da entrada e saltase á calzada. De cando en vez, miraban para nós e sorrían.

A miña irmá crecera un pouco e cada vez víaa máis bonita, o que me enorgullecía. Por algo se parecía a min, segundo a anciá amiga do parque.

En canto crecese un pouco máis, tería que ensinarlle os segredos de correr e correr sen esforzo, sen apenas cansazo... para iso xa tería tempo suficiente.

Cando terminaron de conversar, achegáronse á saída e Ana chamounos cun xesto da súa man.

Toño puxo a man estendida sobre a miña cabeza, en sinal de protección e para animarme.

—Brian será moi bo mecánico. Botareino de menos cando nos deixe. Iso será moi pronto.

—Brian virá todos os días ver a Toño –intentei que sorrise.

Ana fixo ademán de darme un bico, pero aparteime un pouco para impedi-lo. Invadime, de súpeto, unha profunda vergoña de que puidese facelo diante do mestre. Despois sentino moito e pronto me perdoou.

—Brian estase facendo maior –escuseime.

Durante toda a fin de semana deille voltas e máis voltas ao gran interrogante que aínda non tiña resolto, a pesar de que Nati mo explicara xa tempo atrás.

En canto tiven ocasión, e o atopei a soas diante dun dos computadores da aula, lanceille o terrible desafío.

—Por que Brian é diferente?

Non se sorprendeu. Mesmo xurase que o agardaba e o mellor, que desexaba responder. Sorriu.

—Eu tamén o son –as nosas miradas con ás xuntáronse nalgún punto entre os dous.

—Toño non o é –senteime ao seu lado. Comprebei que miraba fotografías de fermosas paisaxes que seguramente visitaría moi pronto. A súa maior afección era coñecer lugares novos. Nada llelo impedía.

Eu creo que todo canto aforraba destinábao a percorrer o mundo. Non tiña familia e, segundo el, escolleu no seu momento a soidade para ser dono de si mesmo e non ter máis ataduras que as que el puidese impoñerse.

Contoume unha fermosa lenda que coñecera nunha das súas viaxes aos países orientais.

—Existiu desde o principio dos tempos, antes de antes, unha deusa chamada Nuwa, a creadora. Logo de anos e anos en soidade empezou a botar de menos algo de compañía.

As árbores, as flores, os ríos non enchían un enorme baleiro que se facía máis grande cada vez.

Un día tomou a decisión de modelar un galo e darlle vida. Cada mañá espertaría co seu monótono e desexado canto.

O segundo día atreveuse con algo de maior tamaño e creou o can.

Así foi facendo animais, un cada día: a ovella, o porco, a vaca e, ao sexto día, o último, un esvelto cabalo negro que faría tremer a terra co seu fermoso trote compasado.

Aínda faltaba algo!

A compañía e submisión daqueles seres que pronto poboaron a terra non acababa de encher o seu baleiro e no sétimo día tomou a sabia decisión de modelar un ser distinto a todos os anteriores. Chamaríalle ser humano, e para formalo tomou entre as súas brancas mans un anaco de arxila amarelada, amasouna e foi dando a forma desexada ás figuras.

No entanto, o cansazo acumulado de tantos días de traballo fíxolle pensar nunha idea para facelos máis rápido: introduciu unha soga dentro da arxila amasada e comezou a movela con forza.

Ao facelo comezaron a desprenderse pequenos anacos de barro que nuns instantes adquiriron a forma desexada, todos eles moi semellantes entre si.

Algúns deles, debido á pouca cantidade de arxila que se desprende, creceron carentes dalgún órgano.

—Iso explica as persoas que posúen algunha malformación –engadiu–. Os primeiros, os moldeados a man pola divindade serían, pola contra, os destinados a gobernar a terra, os nobres. Os segundos, o pobo, os súbditos, as persoas que sempre traballarían para a nobreza, para os fortes e os ricos.

Miroume con calma.

Observou que a explicación non me satisfacía do todo.

Estaba no certo. Había algo que faltaba para que estivese completa.

—Brian non está en ningún deses grupos –protestei.

—Xa o sei –riu–. Entre os anacos que se desprendían da arxila algúns foron mollados pola choiva. Non deixaron de ser completos pero a súa mente adquiriu unhas características singulares que os fixeron distintos a todos os demais: aparentemente iguais ao resto; diferéncianse pola súa sensibilidade, pola constancia, polo agarimo con todo o que os rodea, por sentirse amados á vez que un pouco indefensos.

Observoume. Conseguiu que sorrise.

A punto estiven de levantarme e abrazalo con todas as miñas forzas.

Foi el quen o fixo.



—Brian quere darche as grazas. Iso resúltalle moi fermoso.

—Unhas simples pingas de choiva!

Que sinxelo e que complicado pode resultar ás veces explicar aquilo que para outros é un terrible enigma!

Durante o último trimestre, foi Toño quen me regalou un mono novo, azul. No costado figuraba en letras maiúsculas o meu nome. Debería poñelo enriba para o período de prácticas. El mesmo buscou para min o taller de Luís, o amigo de pai.

Ía enfrontarme a sinxelas avarías reais e non albergaba temor algún. Continuamente sentíame observado polo dono. Todo, como é lóxico, debería supervisalo el.

Pacientemente indicábame os erros que cometía pero nunca me deu a solución correcta. Tiven que apañarme eu só e iso fíxome sentir grande unha vez máis.

—Serás un gran mecánico –animábame cada xornada logo de comprobar minuciosamente o meu traballo do día.

—Todos os adultos que coñecín tratáronme sempre dun modo singular –pensei.

Tiven a inmensa fortuna de coñecerlos.

Cruzáronse no meu camiño para transportarme, como se de cabalos alados se tratase, ata aquí.

Nati, unha vez máis, tiña razón: non son especial... teño algo especial.

VIII

Terei que ir afacéndome á idea de poñer punto e final ao meu diario.

Os diarios son cousa de nenos e nenas, de adolescentes as máis das veces insatisfeitos. Non é esa a palabra exacta pero o meu vocabulario aínda algo incompleto non me indica outra máis apropiada. Talvez soaría mellor... cheos de inquietudes e de rebeldías e, por que non, de incomprensión.

Non me gustan os remates!

Mellor chamareille punto e seguido, deixando aberta a posibilidade de retomalo cando o necesite, cousa que, sen dúbida, ocorrerá máis dunha vez.

Chámome Brian... Brian, o Chinés.
En realidade, son un tipo afortunado. Case todo canto me propuxen conseguino.
O mes que vén cumprirei dezaoito anos. En canto o faga, entrarei a traballar no moderno taller dun bo amigo do meu pai. Melisa prometeume que virá á celebración que organizaron os meus amigos para a maioría de idade, que é como lle chaman



os maiores a este aniversario. Está recuperada do todo aínda que a loita que terá consigo mesma durará algúns anos aínda. Para isto sempre contará coa miña man. Ademais, débeme un bico moi especial e un forte abrazo. Prometeumo, e as promesas están aí para cumprilas. Díxome a súa nai que está totalmente ben e con moitas desexos de empezar o que chama unha nova vida.

Adrián está a piques de chegar. Pasará unha longa tempada na súa casa. A súa nai pintou a habitación de cor verde, o seu preferido, e colocoulle un cartel xigante coa fotografía de Elvis Presley.

Non sei como pode gustarlle ese tipo de música tan antiga e por riba en inglés... eu non lle entendo nada. Prefíroa en español e con máis ritmo.

Neste momento, só unha cousa me apetece: vestir o meu chándal novo, achegarme ao río, ao parque e correr.

Correrei ata a noite pero vou facelo por lugares descoñecidos.

Prometereille a Ana que estarei de volta antes de que escureza pero teño moitas ganas de contemplar a posta de sol desde

o cumo da montaña que me dixeron que
ten algo moi "especial".

No ceo divísanse pequenas nubes. Talvez
teña sorte e o orballo me pegue no rostro.
Sinto verdadeira necesidade de saborear a
súa frescura na miña pel, o seu tacto suave...
saber que reacción produciu aos meus
antepasados de arxila.

Agora comprendo por que a choiva me fixo
sentir ben tantas e tantas veces!

